



Manual para o uso do modelo de informe social para a área da inclusión (ISI)

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Manual para o uso do modelo de informe social para a área da inclusión (ISI)

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Familia e Inclusión
2015

1ª Edición, 2015

Elabora:

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Edita:

Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, Consellería de Traballo e Benestar

Maquetación:

Antonio Lameiro Ces, Sección de Publicacións e Estatísticas

Índice

II INTRODUCCIÓN	5
DESCRICIÓN BÁSICA DO MODELO DE INFORME SOCIAL PARA A ÁREA DA INCLUSIÓN	8
CRITERIOS XERAIS PARA CUBRIR O INFORME	10
INDICACIÓNS PARTICULARES PARA CUBRIR O INFORME	12
I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA	13
I.1 SITUACIÓN LEGAL (capacidade xurídica)	13
II. SITUACIÓN RESIDENCIAL DA PERSOA E UNIDADE DE CONVIVENCIA	14
II.1 DATOS DE EMPADROAMENTO	14
II.2 SITUACIÓN RESIDENCIAL DAS PERSOAS ESTRANXEIRAS	15
III. ÁREA CONVIVENCIAL E FAMILIAR	17
III.1 COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	17
III.2 SITUACIÓN RELACIONAL NA UNIDADE DE CONVIVENCIA	19
III.3 PERSOAS CON OBRIGA LEGAL DE PRESTACIÓN DE ALIMENTOS (fóra da unidade de convivencia)	20
III.4 MENORES NA UNIDADE DE CONVIVENCIA	22
III.5 SITUACIÓNS DE VIOLENCIA NA UNIDADE DE CONVIVENCIA	26
III.5.1 VIOLENCIA DE XÉNERO	27
III.5.2 VIOLENCIA DOMÉSTICA	30
III.5.3 OUTRO TIPO DE VIOLENCIA	32
III.6 PERMANENCIA DALGUNHA PERSOA DA UNIDADE CONVIVENCIAL NALGÚN CENTRO OU PROGRAMA	34
III.7 ORGANIZACIÓN DA VIDA COTIÁ NA UNIDADE DE CONVIVENCIA	35

IV. ÁREA DE VIVENDA	37
IV.1 CARACTERÍSTICAS XERAIS DA VIVENDA	37
IV.2 EQUIPAMENTO	38
IV.3 CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE	39
IV.4 ESTABILIDADE	40
IV.5 CONTORNO DA VIVENDA	41
IV.6 DISPOÑIBILIDADE DE VIVENDA OU ALOXAMENTO PARTICULAR FAMILIAR POR PARTE DAS PERSOAS EN ALOXAMENTO COLECTIVO INSTITUCIONAL	42
V. ÁREA PERSOAL	43
V.1 COMPETENCIAS E HABILIDADES SOCIAIS	44
V.2 DINAMISMOS VITAIS	45
V.3 DESENVOLVEMENTO PERSOAL, INFORMACIÓN E USO DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS	46
VI. ÁREA ECONÓMICA	47
VI.1 UNIDADE DE CONVIVENCIA	47
VI.1.1 INGRESOS MENSUAIS	47
VI.1.2 GASTOS MENSUAIS	49
VI.1.3 SITUACIÓN PATRIMONIAL (ACTIVOS E DÉBEDAS POR NON PAGAMENTO)	50
VI.1.4. VALORACIÓN XERAL	52
VI.2 PERSOAS CON OBRIGA LEGAL DE PRESTACIÓN DE ALIMENTOS	52
VII. ÁREA FORMATIVO-LABORAL	54
VII.1 EDUCACIÓN-FORMACIÓN-CAPACITACIÓN	54
VII.1.1. NIVEL DE ESTUDOS	54
VII.1.2. OUTRA FORMACIÓN	57
VII.1.3. ACCESO, COÑECEMENTO E USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS	58
VII.1.4. COÑECEMENTO DE IDIOMAS	58

VII.2 LABORAL-RECURSOS PERSOAIS PARA O EMPREGO	59
VIII. ÁREA DE SAÚDE E SOCIO SANITARIA	63
VIII.1 DATOS BÁSICOS SANITARIOS	63
VIII.2 SITUACIÓN DA SAÚDE	64
VIII.3 ATENCIÓN SANITARIA E TRATAMENTO	66
VIII.4 DISCAPACIDADE, DEPENDENCIA, INCAPACIDADE E ADICCIÓNS	67
VIII.5 VALORACIÓN XERAL DA XESTIÓN DA SAÚDE DENTRO DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	69
IX. ÁREA SOCIAL E RELACIONAL	69
IX.1. APOIO SOCIAL	70
IX.2 ACEPTACIÓN SOCIAL E CONVIVENCIA COTIÁ COMUNITARIA	72
IX.3 PARTICIPACIÓN SOCIAL	73
IX.4 OCIO E TEMPO LIBRE	74
X. VALORACIÓNS	75
X.1 VALORACIÓN TÉCNICA DA SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Artigo 3 da Lei 10/2013)	75
X.2. DIAGNÓSTICO DE EMPREGABILIDADE (Artigo 25 da Lei 10/2013)	77
X.3 PROPOSTA DE ADECUACIÓN DA APLICACIÓN DO RECURSO/PRESTACIÓN: VALORACIÓN PROFESIONAL	78
X.4 PARA A RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA- RISGA	79
X.5 PARA AXUDA DE INCLUSIÓN SOCIAL- AIS.	80
ANEXO I: SITUACIÓN RESIDENCIAL DE PERSOAS ESTRANXEIRAS EN ESPAÑA	82
ANEXO II: ACREDITACIÓN DE PERSOAS ESTRANXEIRAS EN ESPAÑA	84
ANEXO III: MEDIDAS DE PROTECCIÓN DE MENORES	85
ANEXO IV: DEFINICIÓNS PARA “OUTROS TIPOS DE VIOLENCIA”	87

Introdución

Preséntase ao longo das seguintes páxinas o Manual para o uso do modelo de informe social para a área da inclusión (ISI), unha ferramenta de traballo que pretende facilitar a utilización do ISI por parte dos/as traballadores/as sociais de Galicia. Este manual conta cun índice inicial a partir do cal se pode ir directamente á sección que se precise en cada momento, premendo na páxina da sección correspondente (premer control+intro).

O modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) é un documento que, como o seu nome indica, creouse coa vocación de unificar e homoxeneizar os criterios sociais precisos para realizar as valoracións sociais preceptivas e simplificar trámites e xestións administrativas, ao reducir a un só os distintos modelos de informe social con contidos semellantes que se viñan utilizando para diferentes recursos relacionados coa área de inclusión e desde diferentes departamentos administrativos da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, este modelo de informe pretende dar resposta ás esixencias que incorpora a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, respecto da necesidade de contar cun expediente social único: como referencia expresa no punto 4 do seu artigo 3, en relación co procedemento de valoración da situación ou risco de exclusión e a incorporación dos datos necesarios aos correspondentes sistemas de información da administración autonómica necesarios para o mantemento do expediente social único; ou en relación co seguimento e avaliación regular do proxecto de integración social a través do expediente social -artigo 54.5-. Tamén se atopan referencias á necesaria colaboración entre as administracións autonómica e local, concretamente o artigo 85 da dita Lei establece que estas deberán “compartir un sistema de información para facilitar o intercambio e a cesión dos datos, de acordo co previsto no artigo 40 desta norma (relacionado coa confidencialidade dos datos), e no artigo 16.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia”, que fala dun único expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios, no que se recollerán todas as intervencións e os servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais.

No marco do contexto normativo que se vén de describir, pode afirmarse que coa elaboración do modelo de informe social para o seu uso no ámbito da inclusión social dáse un paso máis cara á consecución da homoxeneidade nos criterios de intervención dos servizos sociais. Trátase dun instrumento de vital importancia para os órganos administrativos competentes en materia de benestar e servizos sociais, porque permite:

- Regular o funcionamento e organización da tramitación de prestacións e recursos sociais a través do uso dun modelo único de informe social válido para as áreas de intervención para as que foi concibido.
- Homoxeneizar os criterios sociais precisos para realizar unha valoración social preceptiva en prestación e recursos sociais da Administración Pública Galega, así como a valoración e diagnóstico na detección de situacións de risco de exclusión.

Este último punto é de especial importancia porque afecta directamente ao enfoque do propio modelo de informe social para a área da inclusión, que ha de reducir ao máximo as valoracións subxectivas en favor dunha información o máis obxectiva posible, obxectividade que só se consegue cunha descrición clara e exhaustiva das dimensións e indicadores que se deben ter en conta coas súas correspondentes categorías descritivas, para garantir que cada profesional se basea nas mesmas dimensións e categorías de medición. A finalidade é erradicar a diferenza de criterios e o alto nivel de subxectividade coa que se poidan realizar informes de carácter totalmente aberto, tanto en termos de valoración como da información/datos que se fagan constar.

O ISI responde a un modelo de informe amplo, porque se deseñou para ser de utilidade nos diversos ámbitos da inclusión. Así, recompila datos para dar soporte á tramitación de recursos e/ou prestacións relacionados coa inclusión social, competencia da administración autonómica: a Renda de Inclusión social de Galicia-RISGA (tramos persoal e familiar, de inserción e de transición ao emprego), as axudas da inclusión social-AIS, axudas a vítimas de violencia de xénero,

informes sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira¹, axudas para persoas emigrantes retornadas, etc. Ademais, este instrumento, posto á disposición dos e das traballadoras sociais, poderase utilizar para a tramitación doutros recursos que sexan competencia doutras administracións e sempre que se considere conveniente e válido en cada caso (por exemplo, as axudas de emerxencia que se outorgan desde os propios concellos). A idea é obter deste modelo de informe social o maior rendemento posible.

A súa elaboración responde a unha iniciativa da Cnsellería de Traballo e Benestar, que se levou a cabo en colaboración co Colexio de Traballo Social de Galicia. O seu deseño desenvolveuse a través dunha metodoloxía participativa, coa que se pretendía incorporar unha perspectiva multidisciplinar, con presenza de profesionais procedentes de distintos campos dos servizos sociais, que formaron parte dun grupo de persoas expertas.

A partir dunha xornada informativa impartida por un experto no eido da inclusión social, celebrada na primeira semana de outubro de 2013, realizáronse varias reunións coordinadas por unha profesional externa e experta na planificación e programación da intervención no ámbito dos servizos sociais e da igualdade de xénero, así como na organización e condución de grupos de traballo.

Este proceso, ademais do traballo en grupo, incluíu tarefas e reflexións a nivel individual a partir de documentos de carácter técnico especificamente elaborados pola coordinadora externa durante todas as fases de deseño do modelo de informe social para a área da Inclusión (ISI), de maneira que se levou a cabo un traballo en rede entre cada xuntanza.

A composición do grupo de persoas foi a seguinte:

- Catro traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios -garantindo a representatividade por tipo de hábitat (urbano, periurbano e rural).
- Dúas profesionais procedentes da área de igualdade.
- Tres profesionais da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, concretamente dos servizos de Inmigración, Prestacións e Inclusión Social.
- Dúas profesionais do Consorcio Galego de Benestar Social con funcións técnicas nos equipos de inclusión.
- Dúas traballadoras sociais da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, concretamente do Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios.

Unha vez que se contou coa primeira versión do modelo do informe, publicouse como modelo provisional para testar desde os servizos sociais comunitarios. Resultado deste período de proba recolléronse diversas achegas, parte das cales deron lugar a algunhas modificacións no modelo orixinal e para as que se convocou novamente ao Grupo de persoas expertas nunha última xuntanza, a modo de peche, co fin de aprobar modificacións e/ou suxerir outras novas. A estas sumáronse outros cambios suxeridos pola administración competente, que debían dar resposta a requisitos contemplados na nova normativa de inclusión social.

O produto final é unha proposta de modelo de informe social para a área da inclusión que resultou:

- algo máis complexo que o previsto inicialmente, basicamente pola necesidade de considerar a todas as persoas da unidade de convivencia, ademais da persoa directamente implicada na solicitude do recurso concreto para o que se emite o informe.
- máis amplo que outros modelos de informes precedentes relacionados con diferentes ámbitos ou colectivos vinculados ao eido da inclusión social, debido á necesidade de responder a todos os requirimentos da nova Lei de inclusión social de Galicia, pero tamén, e isto é moi importante, aos requisitos doutros recursos/prestacións competencia de diferentes departamentos da administración autonómica e local, que ata o momento contaban con modelos diferentes e nalgúns casos nin se dispoñía de modelo de informe.

¹ Informe que emite unha comunidade autónoma, a solicitude dunha persoa estranxeira que desexa: a) Renovar a súa autorización de residencia temporal non lucrativa; b) Renovar a súa autorización de residencia temporal por reagrupación familiar. c) Renovar a súa autorización de residencia temporal e traballo por conta propia ou allea. Este informe non ten que presentarse obrigatoriamente, pero pode ser alegado pola persoa estranxeira en caso de non acreditar o cumprimento dalgun dos requisitos previstos para a renovación da autorización e terase en conta como información que debe valorar a oficina de estranxeiría.

- cunha estrutura e contido para plasmar información que describe moi polo miúdo a situación da persoa e da súa unidade de convivencia en termos de inclusión/exclusión: información sobre o contexto, os medios de que dispón, apoios, recursos que utiliza e o contorno, de cara ao acceso/non acceso aos diferentes recursos, así como a posterior elaboración do proxecto de integración social ou familiar, de itinerarios de inserción sociolaboral, proxectos de integración socioeducativa... e a súa derivación aos servizos sociais comunitarios específicos ou aos servizos sociais especializados, se procede. En definitiva, información que permite realizar un estudo integral da persoa e da unidade convivencial desde o primeiro contacto da persoa interesada co sistema, concretamente cos servizos sociais comunitarios básicos.

En relación con isto, cómpre destacar que se revisaron todos os modelos de informes sociais en activo, ademais do contido da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e diferentes modelos de medición das situacións de inclusión/exclusión. Tívoise en conta tamén o enfoque e contido do informe social unificado elaborado pola Consellería de Traballo e Benestar e publicado en 2013: o ISU na área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal.

DESCRIPCIÓN BÁSICA DO MODELO DE INFORME SOCIAL PARA A ÁREA DA INCLUSIÓN

O instrumento que se deseñou ten por obxecto sistematizar, depurar e ordenar os datos e a información obtida e en consecuencia, incrementa a precisión dos diagnósticos e a eficacia da intervención dos e das profesionais dos servizos sociais. Nace coa vocación de facilitar o seu traballo, pois fai máis doada a transmisión interna de información entre persoal técnico da mesma ou distinta administración, e evita que outro/a profesional teña que desenvolver procedementos de procura de información xa realizados e que veñen moitas veces a duplicar os esforzos das persoas, familias e grupos implicados na situación social abordada.

Os e as traballadoras sociais contan así cun instrumento que, aínda que extenso polo seu detalle, garante a unificación de criterios tanto no tipo e natureza de datos que se deben reflectir no informe como na súa interpretación. Deste xeito, preténdese conseguir unha situación igualitaria e a homoxeneidade de criterios nos procesos de valoración das solicitudes de prestacións/recursos, nas distintas xefaturas territoriais.

En canto aos seus contidos, o deseño do modelo de informe social para a área da Inclusión responde a unha estrutura temática segundo ámbitos ou áreas vitais, a partir dunha cobertura inicial dos datos básicos de identificación da persoa e a súa situación residencial e da unidade de convivencia, a saber:

- Área convivencial e familiar.
- Área de vivenda.
- Área persoal.
- Área económica.
- Área formativo-laboral.
- Área de saúde e sociosanitaria.
- Área social e relacional.

Inclúese, por último, un apartado destinado ás valoracións técnicas que correspondan para a aplicación do recurso ou prestación.

As áreas mencionadas obedecen ao feito de que a inclusión social das persoas non se debe entender unicamente desde a perspectiva material, como participación no mercado de traballo para xerar e consumir bens e servizos, senón que

ademais de implicar a activación das persoas na produción e consumo de bens sociais, leva consigo a participación activa na sociedade, a súa toma de conciencia como cidadáns e cidadás, a súa capacidade de elixir e tomar decisións, a súa implicación como parte da comunidade etc. A participación social e as capacidades das persoas son elementos esenciais para determinar unha situación de inclusión social/exclusión social. De aí a importancia de ter en conta as dimensións sinaladas na área persoal e na área social e relacional, pola súa relevancia no estudo e valoración da situación na que se atopa a persoa.

A exclusión social é pois, na súa manifestación complexa e actual, un concepto integral, que pode tomar forma en calquera dos ámbitos vitais básicos das persoas.

O modelo de informe social para a área da Inclusión conta cunha categorización detallada de todas as variables a considerar, coa finalidade, como quedou dito anteriormente, de que cada profesional incorpore no informe o mesmo tipo de información, cos mesmos criterios de selección e valoración e reducir o máis posible calquera marxe á subxectividade. En liña con isto, para unha parte importante das variables ou indicadores de carácter valorativo utilízanse escalas de medición, na súa maioría de tres niveis, onde o nivel 1, se corresponde coa valoración máis positiva e o nivel 3 coa valoración máis negativa. En termos de niveis de inclusión/exclusión sería equivalente a dicir o seguinte:

- **Nivel 1:** indica que a persoa está nunha situación positiva ou, cando menos, non problemática, respecto da variable consultada. Iso implica que se pode considerar nunha zona de inclusión.
- **Nivel 2:** indica que hai certas dificultades ou precariedade. Considerarase que nese aspecto concreto a persoa se atopa nunha zona de risco de exclusión.
- **Nivel 3:** implica unha privación e a existencia de problemas graves, de maneira que no relativo ao dito indicador, a persoa atoparíase nunha zona de exclusión.

Desde o punto de vista técnico, o ISI inicialmente elaborouse para ser utilizado en formato electrónico, a través dunha plataforma axeitada para o seu manexo e correcto funcionamento, co obxecto de conseguir a rendibilidade e operatividade para as que foi concibido. Non obstante, cómpre advertir que este manual de uso responde ao formato que o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) presenta en formato PDF editable. A cobertura electrónica dos datos será moito máis operativa, xa que, evidentemente, nunha aplicación informática, boa parte das variables e categorías de resposta filtrarán e despregarán outra listaxe de posibles respostas. Porén, a aplicación informática é un obxectivo futuro do departamento administrativo competente na materia, xunto con outros modelos de informe social e en relación tamén co expediente social único ou historia social única.

Cómpre sinalar que á hora de seleccionar os distintos indicadores e variables, e as súas correspondentes categorías de resposta/medición, tívoise en conta o SIUSS e o informe social unificado da área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal, por tratarse de instrumentos en uso nos servizos sociais comunitarios básicos; as súas estruturas (variables e categorías) tiveronse en conta na medida en que respondían ás necesidades da área da inclusión social e aos requirimentos da normativa vixente. Como resposta ás características do ámbito da inclusión e ás esixencias da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, tratouse de que este modelo de informe social tivese unha lóxica que non coincide exactamente coa do SIUSS, por cuxa razón os mesmos datos teñen ou poden ter distinta orde.

En canto á estrutura do manual, ofrécense en primeiro termo unhas indicacións básicas sobre como cubrir o modelo de informe social para a área da Inclusión (ISI), para de seguido explicar polo miúdo os contidos e os criterios de cobertura das distintas áreas nas que se desagrega a información. Así mesmo, xúntanse en anexo definicións e conceptos específicos para este informe que poden clarificar e facilitar o traballo dos e das profesionais.

CRITERIOS XERAIS PARA CUBRIR O INFORME

Con carácter xeral, para a cobertura dos datos cómpre ter en conta as seguintes indicacións.

- Polo momento, este modelo de informe permite incluír información para unidades de convivencia de ata oito persoas².
- Deberase cubrir só nos espazos habilitados para tal fin, ben seleccionando a categoría axeitada, ben escribindo o código correspondente ou escribindo o texto nos campos de carácter aberto, ou ben premendo no interior dos recadros.
- Nunha parte importante de despregables inclúese unha categoría ou opción (“outros”) que require dun campo aberto para especificar a dita categoría escribindo o texto correspondente. Débese escribir nestes casos sempre no recadro habilitado para tal fin a continuación de onde se atopa o despregable. O mesmo ocorre cando se pide “describir” a partir dunha resposta afirmativa ou negativa.
- Recoméndase a lectura do manual antes de abordar a elaboración do informe e sempre que se teñan dúbidas respecto, tanto da interpretación como da forma de cobertura dos datos solicitados. Nalgúns casos remítese cunha nota a “ver manual”, pero na maioría non, aínda cando resulte recomendable; por exemplo, se non se comprende o enunciado dalgunhas categorías con motivo dunha descrición incompleta por cuestións de espazo.
- As epígrafes sobre as que non sexa necesario incluír información quedarán baleiras e pasarase ao seguinte apartado. Quere isto dicir que non sempre se terá que cubrir o informe na súa totalidade, ben porque non proceda polo motivo do informe e/ou dos requisitos da prestación/recurso para o que se elabora, ou ben porque a persoa solicitante e a unidade de convivencia non presentan a situación/problema específica sobre a que se consulta.
- En todas as áreas do informe -e mesmo nalgúns epígrafes concretas- ofrécese ao final un campo aberto de “Observacións” que o/a profesional completará coas consideracións ou valoracións que xulgue pertinentes, en aras de profundar ou clarificar información recollida previamente. Será neste espazo onde o/a traballador/a social que emite e asina o informe fará constar as súas eventuais discrepancias coa información declarada polas persoas usuarias. Os comentarios sinalados corresponderanse sempre coa epígrafe/área á que fai referencia e non con outra. Téñase en conta, ademais, que o texto adaptase en extensión ao espazo visible no documento PDF, xa que non permite ampliación deste.

Como xa se comentou na introdución deste manual, o modelo de informe social para a área da Inclusión está pensado para que responda a diferentes recursos na área da inclusión e non só ás axudas reguladas pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, o que explica, en parte, a súa extensión. Será o/a profesional responsable da súa elaboración quen seleccione a información que debe cubrir en función do motivo polo que se emite o informe, sendo imprescindible toda a información que a normativa vixente require en cada caso.

No caso da RISGA e das AIS cubriranse todos os apartados e ámbitos³, por canto é preciso que quede constancia, non só dos datos determinantes do dereito á prestación, senón tamén da información básica para o posterior diagnóstico de empregabilidade, para a proposta de proxecto de integración social ou o acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores. Ademais, trátase de información moi importante que se debe ter en conta en todos os ámbitos vitais da persoa e serán fundamentais nos casos de derivación aos servizos sociais comunitarios específicos para a súa intervención e posterior seguimento.

² Na actualidade continúaase a traballar para dispoñer dun modelo de informe máis flexible, que se poida adaptar a todas as unidades familiares, sexa cal sexa o número de persoas que a integra.

³ Todos os que proceda, xa que determinadas situacións/problemas, de NON existiren, non se cubrirán. Por exemplo, se non existen situacións de violencia na unidade de convivencia, non se cubrirá o apartado correspondente a esta temática; igual ocorre se non hai problemas de saúde importantes, ou se non hai menores na unidade de convivencia.

INDICACIÓNS PARTICULARES PARA CUBRIR O INFORME

CABECEIRA DO INFORME

Trátase dunha información básica e común a practicamente todos os modelos de informe social en vigor que ten por finalidade identificar á/ao traballadora ou traballador social responsable do informe e o motivo polo que este se emite.

É moi importante especificar o motivo do informe, que pode ser moi diverso: tramitación da renda de inclusión social de Galicia, de axudas de inclusión social, outras axudas de emerxencia social municipais, informe de esforzo de integración social da persoa estranxeira, axudas (periódicas ou non periódicas) dirixidas a vítimas de violencia de xénero, axudas dirixidas a persoas emigrantes retornadas.... Así mesmo, deixarase constancia da existencia doutros posibles trámites iniciados.

DATOS DA/O TRABALLADORA/OR SOCIAL QUE EMITE O INFORME			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	N.º DE COLEXIADO/A
ENTIDADE / ORGANISMO			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
MOTIVO DO INFORME			
MOTIVO DO INFORME			
OUTROS TRÁMITES INICIADOS			
DATA DE EMISIÓN DO INFORME (DÍA/MES/ANO)			

Na futura aplicación, o tratamento informático permitirá duplicar o informe cuberto, de forma que poida ampliarse ou incorporar información actualizada en diferentes datas, ou adaptarse a diferentes motivos do informe, sen que sexa necesario cubrir de novo a información incluída na súa primeira edición e sen que desaparezan os informes realizados con anterioridade.

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA								
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/NIE/PASAPORTE		
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		ENDEREZO ELECTRÓNICO				
SEXO		ESTADO CIVIL		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)				
PAÍS DE NACEMENTO			NACIONALIDADE 1		NACIONALIDADE 2			
HISTORIA SOCIAL PREVIA								

Recolleranse co maior nivel de detalle os datos de identificación da persoa solicitante: datos de localización, estado civil, nacionalidade/s.... É importante consignar se existe historia social previa e, no seu caso, indicar en que soporte se atopa (aplicación PGIS, SIUSS, aplicación CIM, ou mesmo en papel -categoría "outros"-). No caso de que se atope no SIUSS indicárase a data de alta na dita aplicación co formato dd/mm/aa no seguinte recadro baleiro (no mesmo que se especificará en caso de marcar a categoría "outros")

I.1 SITUACIÓN LEGAL (capacidade xurídica)

Nesta epígrafe recóllese información sobre a **capacidade de obrar da persoa**, polo que no caso de existir modificación xudicial da capacidade indicárase a información sobre esta; en particular, detallaranse os datos de identificación e localización da persoa responsable: representante legal/titor/a, curador/a ou gardador/a de feito, especificando para todos os casos a relación ou parentesco coa persoa solicitante do recurso: para iso, seleccionárase neste campo o código (número) / categoría (opción de resposta) que corresponda no despregable. Se ningunha das relacións ou graos de parentesco detallados se axustase, imputárase o código 16 ("outro tipo de relación") e especificárase en texto no cadro que segue cal é a relación.

MODIFICACIÓN XUDICIAL DA CAPACIDADE								
				☐ Representante legal/titor/a ☐ Curador/a ☐ Gardador/a de feito				
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/NIE/PASAPORTE		
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		ENDEREZO ELECTRÓNICO				
PARENTESCO/RELACIÓN (para os tres casos anteriores)								

II. SITUACIÓN RESIDENCIAL DA PERSOA E UNIDADE DE CONVIVENCIA

Neste apartado, o/a profesional plasmará a información sobre a situación residencial da persoa solicitante e da unidade de convivencia, determinante para a aplicación dos recursos e a toma de decisións en relación coas prestacións/axudas que regula a Lei de inclusión social de Galicia e outras relacionadas con colectivos en situación ou en risco de exclusión.

Subdivídese en dous bloques (pestanas): o primeiro, relativo aos datos de empadramento e o segundo, destinado aos casos de persoas estranxeiras en España.

II.1 DATOS DE EMPADROAMENTO

II.1 DATOS DE EMPADROAMENTO

EMPADROAMENTO NO CONCELLO

☐ Sí. Data de empadramento: Tempo total:

☐ Non. Motivo:

EMPADROAMENTOS ANTERIORES (só no caso de que non cumpra requisitos de empadramento no concello actual para o recurso solicitado):

CONCELLO	DATA DE ALTA	DATA DE BAIXA	TEMPO DE EMPADROAMENTO

Nunha primeira epígrafe recóllese a situación relativa ao empadramento: se está ou non empadroad a persoa; en caso afirmativo, a data de empadramento no concello e o tempo total. No caso de non estar empadroad/a, indicar cal é o motivo e elixir a que corresponda de entre as categorías que se presentan: “Estivo, pero agora non conta coa documentación precisa”, “resolución negativa da solicitude de inscrición” ou calquera “outro motivo”, que se especificará no campo de texto aberto habilitado a continuación.

No suposto de que a persoa non estivese empadroad no municipio no que se solicita o recurso e só no caso de que non cumpra os requisitos de empadramento requiridos no procedemento de que se trate, sinalaranse os empadramentos anteriores, a través dos campos indicados na táboa, a partir dos cales se determinará se cumpre ou non con este requisito.

Para a prestación RISGA o requisito é de, polo menos, durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude (computaranse os períodos de empadramento sucesivos en distintos concellos galegos). Non obstante, no momento de elaborar o informe, é preciso coñecer que persoas son as que quedan eximidas de cumprir este requisito (víctimas de violencia doméstica ou vítimas de violencia de xénero, persoas procedentes doutras comunidades autónomas que fosen beneficiarias de rendas mínimas, vítimas de trata de seres humanos ou mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero) e cal é o requisito para outros recursos/prestacións non regulados na Lei de inclusión social de Galicia.

Cando se trate de persoas reclusas, estas poderán estar igualmente empadroadas. Se non fose así, explicaría-se no recadro baleiro que segue á variable “motivo”, despois marcar a categoría “outros”⁴. Así mesmo, faranse constar no campo aberto de observacións casos específicos como un posible cambio de domicilio por motivos de seguridade, ou calquera outra das situacións recoñecidas no artigo 13 (Residencia e empadramento) da Lei de Inclusión social de Galicia.

⁴ O artigo 11.7 da Lei de inclusión social de Galicia sinala que: No caso de privación de liberdade da persoa titular poderá seguir percibindo a renda outra persoa da unidade de convivencia sempre que se cumpran os requisitos para a súa percepción e se deseñe un novo proxecto de integración social adaptado ás novas circunstancias familiares.

II.2 SITUACIÓN RESIDENCIAL DAS PERSOAS ESTRANXEIRAS

A epígrafe II.2 “Situación residencial de persoas estranxeiras en España” cubrirase no caso de que a persoa solicitante ou algunha persoa da unidade de convivencia sexa de nacionalidade estranxeira⁵.

Nesta epígrafe, unha vez identificadas as persoas da unidade de convivencia que son estranxeiras, cubrirase un total de sete campos ou variables distribuídas en dúas táboas, cos códigos ou categorías correspondentes ás distintas opcións de resposta.

A situación en España é o primeiro campo no que se introducirá o código/categoría que corresponda á situación actual da/s persoa/s, segundo as categorías expostas, recollidas e definidas no Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009. Atópanse todas elas no despregable (a categoría 11, debido á súa extensión, aparece completada xustamente debaixo da táboa onde se recolle).

NOME DA PERSOA (incluír para o resto da unidade de convivencia)	SITUACIÓN EN ESPAÑA
PERSOA SOLICITANTE	

O/a profesional indicará de que tipo de autorización é titular a persoa no caso de residencia temporal. O artigo 45 do citado Real decreto define os supostos de residencia temporal:

1. Atópase na situación de residencia temporal o estranxeiro que se encontre autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, sen prexuízo do establecido en materia de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.
2. Os estranxeiros en situación de residencia temporal serán titulares dun dos seguintes tipos de autorización:
 - a) Autorización de residencia temporal non lucrativa.
 - b) Autorización de residencia temporal por reagrupación familiar.
 - c) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.
 - d) Autorización de residencia temporal e traballo para investigación.
 - e) Autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE.
 - f) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada.
 - g) Autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.
 - h) Autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.
 - i) Autorización de residencia temporal con excepción da autorización de traballo”.

⁵ Para solicitudes reguladas na Lei de inclusión social de Galicia os cidadáns e as cidadás de Estados non membros da Unión Europea precisan tamén acreditar a residencia legal en España no momento da presentación da solicitude.

Na categoría 16, “outras situacións”, reflectirase a situación daquelas persoas que estean en proceso de adquisición de permiso de residencia. Respecto do resto de situacións, xúntanse as súas definicións no Anexo I do manual.

A continuación, indicada a situación en España de cada unha das persoas estranxeiras da unidade de convivencia, consignarase o código correspondente aos distintos tipos de documentación acreditativa da persoa estranxeira, atendendo á distinta documentación que presente:

- no caso dos/as cidadáns/ás comunitarios/as, indicarse se acredita a inscrición no Rexistro Xeral de persoas estranxeiras (categorías de resposta: si/non); se ten certificado de residencia permanente de cidadán/á da UE ou se está en trámite (categorías de resposta en despregable: si/non/en trámite); se posúe tarxeta de familiar de cidadán/á da UE -ou se está a tramitala- (categorías de resposta en despregable: si/non/en trámite); ou tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán/á da UE -ou en trámite- (categorías de resposta en despregable: si/non/en trámite).
- No caso de persoas procedentes doutros países premeranse no despregable as categorías de resposta que corresponda, segundo o estado actual da documentación que presente: tarxeta de identificación de persoa estranxeira -TIE- e/ou pasaporte/visado (en ambos os dous casos coas seguintes posibilidades de resposta en despregable: 01 En vigor. 02 Caducada. 03 En trámite. 04 En proceso de renovación. 05. Non posúe).

NOME DA PERSOA (incluir para o resto da unidade de convivencia)	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSOA ESTRANXEIRA					
	RÉXIME COMUNITARIO				RÉXIME XERAL	
	Rexistro Central persoas estranx	Certificado de residencia permanente cidadán/á da UE	Tarxeta de familiar de cidadán/á da UE	Tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán/á da UE	Tarxeta de identificación de persoa estranxeira (TIE)	Pasaporte/visado
PERSOA SOLICITANTE						

Co obxecto de que a persoa profesional que elabora o informe coñeza minimamente en que consisten as distintas formas de acreditación da persoa estranxeira en España, xúntanse algunhas referencias no Anexo II deste manual.

Para dispor dunha información máis completa sobre a situación residencial da persoa solicitante e/ou da súa unidade de convivencia, o/a profesional poderá engadir aqueles datos e aclaracións que considera relevantes no espazo que a continuación se habilita -Observacións-; pensando, por exemplo, na casuística de persoas estranxeiras con permisos de residencia por circunstancias excepcionais relacionadas con violencia de xénero, colaboración contra redes organizadas, vítimas de trata de seres humanos...

III. ÁREA CONVIVENCIAL E FAMILIAR

Este terceiro bloque (nova pantalla no futuro formato electrónico) aborda as cuestións relacionadas coa primeira das áreas vitais incluídas no informe, a convivencial e familiar, na que se recolle información sobre: a composición da unidade de convivencia, a situación relacional, a situación dos e das menores –se os/as houbese–, eventuais situacións de violencia, a utilización de centros ou programas e a organización da vida cotiá na unidade de convivencia (todas elas con diferentes pestanas nun futuro formato dixital).

III.1 COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

A primeira epígrafe/pestaña destínase á recollida de datos sobre a composición da unidade de convivencia.

O primeiro punto para cubrir é o tipo de familia. As categorías de resposta correspóndense coa tipoloxía definida no SIUSS⁶, e que se definen como segue:

- Monoparental: a unidade familiar está composta polo home só, ou a muller soa con fillos ou fillas non emancipados.
- Nuclear: unidade familiar composta por pai, nai e os/as fillos solteiros/as que viven no fogar.
- Reconstituída: aquela formada pola unión doutras unidades familiares anteriores que sufriron unha ruptura. Na nova parella achéganse fillos/as de unións anteriores.
- Extensa: aquela na que ademais do núcleo do pai, nai e fillos/as, existen outras persoas; determinados/as parentes engádense á familia nuclear ou conviven, xuntas, varias familias emparentadas.
- Agregada: parellas que cohabitan, pero que non contraeron matrimonio nin civil nin eclesiástico. Poden ser con ou sen fillos/as.

Esta listaxe de categorías finaliza coa categoría “Non procede: fogar unipersoal”, que se marcará nos casos de persoas que viven soas.

A continuación cubriranse os datos básicos da persoa solicitante e do resto de persoas da unidade de convivencia; para iso hai cinco campos, tres deles con códigos correspondentes ás categorías de resposta de que se trate, que se marcarán no despregable correspondente: o sexo, o parentesco/relación e o estado civil. En relación á variable parentesco/relación hai unha última categoría referida a “outro tipo”, en cuxo caso se especificará no apartado de observacións que está a continuación das dúas táboas sobre composición da unidade de convivencia

Segundo a Lei galega de inclusión social, enténdese por unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. Non obstante, o modelo informe social para a área da inclusión contempla outras posibles situacións (como se pode ver no despregable ou relación de categorías), xa que está ideado para contemplar tamén en solicitudes doutros recursos non contemplados na dita lei.

De seguido, engádese a variable “ausencia de domicilio”, para a que figuran dous campos que só se cubrirán no suposto de que algunha das persoas da unidade de convivencia se atope temporalmente fóra do domicilio: o tempo de ausencia, para o cal se determinou que as categorías de resposta teñan como marco de referencia un ano, e o motivo de ausencia, podendo elixir entre cinco categorías. A quinta opción, de campo aberto, permite especificar outro posible motivo non recollido nas categorías anteriores. Esta información resulta de grande interese para coñecer, se é o caso, a dinámica e relacións da unidade de convivencia e os seus posibles efectos na súa vida cotiá (organización, educación de menores, coidado de menores e/ou persoas en situación de dependencia....).

6 Extraída do Manual SIUSS V.5.

No apartado de observacións explicaranse os aspectos de interese non recollidos nas dúas táboas anteriores; por exemplo, se se está en medio dun proceso de separación/divorcio, se a familia está separada por inmigración, se hai unha situación de orfandade, falecemento recente dalgún membro da unidade, embarazo non desexado, momento do ciclo vital polo que pasa a familia, persoa solicitante que se atopa nalgún dos supostos de residencia colectiva (centros de acollida e inclusión, públicos ou dependentes de entidades de iniciativa social, establecementos de aloxamento hoteleiros e casas particulares en réxime de pensión, nas que medie un pagamento; centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, vivendas tuteladas que acollan persoas afectadas de discapacidade ou que padezan enfermidade mental....).

Por último, a/o profesional que elabora o informe sinalará se a información referida nesta epígrafe está debidamente constatada ou se, pola contra, responde a información facilitada pola persoa solicitante, a través dunha declaración responsable. É moi importante comprobar a convivencia efectiva e contar co documento que a acredite, o cal require dunha comprobación in situ por parte das autoridades ou persoas competentes (será un documento independente do certificado de empadramento, xa que este non certifica a convivencia real e efectiva).

III.2 SITUACIÓN RELACIONAL NA UNIDADE DE CONVIVENCIA

O obxectivo desta segunda epígrafe é recoller información sobre a calidade das relacións na unidade de convivencia da persoa solicitante, polo que se cubrirá en función das características da situación da persoa:

- se conta cunha unidade de convivencia na que existe vínculo familiar e/ou afectivo;
- se convive con outras persoas nunha institución ou establecemento colectivo⁷,
- ou se se trata dunha persoa sen aloxamento.

Feita esta diferenciación, cubrirase unha das tres casuísticas presentadas, xa que cada persoa solicitante se atopará só nunha delas. A finalidade é obter información sobre a calidade desas relacións, polo que se marcará o ítem que corresponda no despregable, de entre os tres que expresan a gradación da calidade das relacións: desde a súa cualificación como “positivas” (categoría 1) ata indicar posibles desaxustes e conflitos relacionais (categoría 3), pasando por unha situación intermedia equivalente á existencia de dificultades ou certa deterioración nas relacións (categoría 2).

O/a traballador/a social, coa información dispoñible das entrevistas, da visita domiciliaria, da observación e doutras fontes de información, valorará en cal dos tres niveis da escala se atopa a persoa/unidade de convivencia, tendo en conta que unhas relacións positivas son as que favorecen o desenvolvemento afectivo, relacional e social de todos os membros da unidade familiar e/ou de convivencia.

Téñase en conta que para a primeira situación (grupo de convivencia con vínculo familiar e/ou afectivo convivencial) hai unha cuarta categoría que se marcará no caso de tratarse dun fogar unipersoal.

PARA GRUPO DE CONVIVENCIA CON VÍNCULO FAMILIAR E/OU AFECTIVO CONVIVENCIAL

PARA GRUPO DE CONVIVENCIA INSTITUCIONAL OU DE ESTABLECEMENTO COLECTIVO

PARA PERSOAS SEN ALOXAMENTO

Ademais, inclúese un campo de texto aberto -“Observacións”- para engadir, se se considera conveniente, toda a información que non quedase recollida a través dos despregables do campo “relacións da unidade de convivencia”, especialmente no caso de existir deterioración das relacións ou desaxuste e conflito relacional, e explicar a que se debe tal deterioro/conflito e/ou como se manifesta na vida cotiá.

⁷ Sirvan como exemplo, os diferentes supostos de residencia colectiva nos que se pode conceder unha renda recollidos no artigo 11 da Lei de inclusión social de Galicia.

III.3 PERSOAS CON OBRIGA LEGAL DE PRESTACIÓN DE ALIMENTOS (fóra da unidade de convivencia)

Neste subapartado completárase a información sobre as persoas que teñen a obriga legal de prestar alimento á unidade de convivencia. Recolleranse, polo tanto, os datos de todas aquelas persoas que teñen esta obriga segundo determina o artigo 143 do Código Civil e que non forman parte da unidade de convivencia. Non é relevante reflectir se existen posibilidades reais ou non de prestar alimentos, posto que isto corresponde na área económica do informe, onde se dispón dun apartado específico para o dito fin.

Segundo establece o artigo 142 do Código Civil “enténdese por alimentos todo o que é indispensable para o sustento, habitación, vestido e asistencia médica. Os alimentos comprenden tamén a educación e instrución do alimentista mentres sexa menor de idade e aínda despois cando non remate a súa formación por causa que non lle sexa imputable. Entre os alimentos incluíranse os gastos de embarazo e parto, en canto non estean cubertos doutro modo”.

E, como establece o artigo 143, “están obrigados reciprocamente a darse alimentos en toda a extensión que sinala o artigo precedente:

1.º Os cónxuxes.

2.º Os ascendentes e descendentes.

Os(as) irmáns (ás) só se deben os auxilios necesarios para a vida, cando os necesiten por calquera causa que non sexa imputable ao alimentista, e estenderanse no seu caso aos que precisen para a súa educación.”

Polo tanto, teñen a obriga de prestar alimento o/a cónxuxe -nos supostos de separación ou divorcio o/a excónxuxe, no caso de procedencia de pensión compensatoria-, os e as ascendentes, os e as descendentes e, por último, os irmáns e as irmás que teñen a obriga de prestar auxilios necesarios para a vida.

Unicamente se cubrirán os datos persoais das persoas obrigadas a prestar alimentos no caso de que exista unha autorización expresa por parte destas. De ser así, identificaranse co seu nome e apelidos, o seu DNI/NIE/Nº pasaporte e data de nacemento, escribindo nos campos abertos correspondentes, e o resto da táboa cubrirase seleccionando nos despregables a categoría de resposta a cada unha das variables expostas, sen que presente maior dificultade: sexo, parentesco/relación, lugar de residencia e situación relacional.

Nos supostos nos que NON se conte coa devandita autorización expresa, a persoa solicitante indicará, para que se reflecta no campo de texto aberto -“Observacións”- deste subapartado III.3, quen son as persoas obrigadas a prestaren alimentos, coa indicación do grao de parentesco, actividade laboral e ingresos que coñeza, sen indicar os datos de identificación daquelas.

Neste caso as categorías ou despregable para a variable parentesco/relación difire do habilitado para a unidade de convivencia, xa que están máis restrinxidas as posibilidades:

01	Pai	02	Nai	03	Cónxuxe	04	Excónxuxe
05	Fillo/a	06	Avó/avoa	07	Neto/a	08	Irmán/irmá

As categorías correspondentes ao lugar de residencia expóñense a continuación de forma completa no seu enunciado:

01	No mesmo concello (da unidade de convivencia)	02	Noutro concello da Comunidade Autónoma	03	Noutra comunidade autónoma
04	Noutro país, comunitario	05	Noutro país, extracomunitario		

O campo relativo á “situación relacional” pretende obter información na liña da anterior epígrafe, isto é, sobre a calidade das relacións de cada persoa con obriga coa unidade de convivencia, podendo elixir entre tres niveis da calidade das relacións na seguinte escala: *01 Relacións positivas/sen conflito; 02 Deterioración das relacións; 03 Sen relación e/ou grave conflito.*

Esta variable é fundamental xa que, segundo o artigo 16.1 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, “a xuízo do órgano de resolución, poderanse eximir do requisito xeral da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos os solicitantes de quen se prevexa que a obriga dos alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente”. De aí, a importancia de describir a situación relacional da unidade convivencia coas persoas con obriga de prestación de alimento nos termos en que se sinalou anteriormente.

Por último, escribírase nun campo aberto a nacionalidade de cada persoa identificada como “obligada a prestar alimentos”.

NOME E APELIDOS		NIF/NIE/PASAPORTE	DATA DE NACEMENTO	SEXO
PARENTESCO/RELACIÓN	LUGAR DE RESIDENCIA	SITUACIÓN RELACIONAL	NACIONALIDADE	

No espazo dedicado a observacións, e sempre tendo en conta en todo caso o sinalado anteriormente ao respecto das persoas obrigadas a prestar alimentos das que non hai constancia da súa autorización expresa, cómpre engadir calquera outra información que se considere de interese respecto destas persoas, pero sobre todo a relativa ás relacións existentes entre a unidade de convivencia e as persoas con obriga de prestación de alimentos, especialmente cando están deterioradas ou non existen. Así mesmo, no caso de non poder chegar a unha conclusión respecto da posibilidade de prestación de alimentos, en termos das relacións existentes, explicarase cales son as causas que impiden chegar á dita conclusión. Cando non haxa ou se declare que non hai persoas con obriga legal de prestar alimentos tamén se indicará neste campo aberto.

A seguinte variable sobre a que informar é a Situación da unidade convivencial en relación co dereito de alimentos entre familiares. Indicarase se a unidade de convivencia se beneficia ou non deste dereito, mesmo con carácter esporádico e/ou parcial por non estar recoñecido xudicialmente, e seleccionárase unha das tres opcións presentadas: 1.Benefíciase/ 2.Sen recoñecemento xudicial, benefíciase esporadicamente e/ou parcialmente/ 3.Non se beneficia. Téñase en conta que se trata de reflectir obxectivamente se se beneficia ou non, independentemente das posibilidades reais, pois estas valoráranse en clave económica, na área económica do informe.

A continuación a/o profesional que elabora o informe indicará se a información referida nesta epígrafe está debidamente constatada ou se, pola contra, responde a información facilitada pola persoa solicitante, a través dunha declaración responsable.

III.4 MENORES NA UNIDADE DE CONVIVENCIA

A epígrafe III.4 só se cubrirá no caso de que existan menores na unidade de convivencia. Do contrario, pasarase directamente á seguinte epígrafe, a III.5. O seu obxecto é obter información sobre as condicións de atención e coidado nas que viven os e as menores da unidade de convivencia.

É importante destacar que non é obxectivo desta epígrafe do Modelo de Informe Social para a área da inclusión obter información polo miúdo da situación dos/as menores en toda a súa globalidade, xa que isto sería obxecto doutro informe diferente e específico da área de menores; non obstante, neste informe procede obter unha mínima información sobre as condicións de atención e coidado, que dea conta dos datos necesarios para determinar se convén ou non realizar o acordo para a integración socioeducativa dos e das menores, relacionada coa solicitude de RISGA.

PERSOA/S QUE EXERCE/N DE COIDADORA/S PRINCIPAL/IS DOS/AS MENORES (1)

☐ Nai
 ☐ Pai
 ☐ Titor/a:
☐ Gardador/a de feito:

Os primeiros campos deste apartado fan referencia á persoa que exerce de coidadora principal dos/as menores. Só se cubrirá máis dunha opción (resposta múltiple) se se trata da nai e do pai e sempre que exista un reparto equilibrado de coidados/responsabilidades. Neste caso marcarase a categoría tanto na casíña correspondente á nai como na casíña correspondente ao pai.

Se a persoa coidadora principal exerce como titora ou como gardadora de feito especificarase no recadro correspondente (que aparece a continuación de cada unha destas categorías) quen é esa persoa.

NOME E APELIDOS DAS/OS MENORES	NECESIDADES BÁSICAS	GRAO DE ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DA/O MENOR (A)			
		NAI	PAI	TITOR/A	GARDADOR/A DE FEITO
MENOR 1	Alimentación				
	Vestuario				
	Hixiene persoal				
	Aspectos médicos				
	Aspectos educativos				
	Necesidades afectivas				

Continuando co informe e na seguinte táboa, a idea é reflectir información sobre o nivel de cobertura das necesidades básicas dos e das menores por parte da persoa que exerce de coidadora principal. Para iso, consignarase o nome e apelidos de cada un/ha dos/as menores no recadro de texto aberto que figura debaixo de “menor 1”, “menor 2”...) e valorarase o grao de atención das seguintes necesidades básicas: alimentación, vestuario, hixiene persoal, aspectos médicos, aspectos educativos e necesidades afectivas.

Para a valoración empregaranse os códigos correspondentes a unha escala de medición na que o código 01 expresa que a atención é a adecuada para esa necesidade básica (entendendo por “adecuada”, estar debidamente atendida) e en todas as súas facetas; o código 02 indica que esa atención é inadecuada (é dicir, respecto dese terreo concreto ou ben non atende debidamente as necesidades do/a menor e faino de forma inadecuada, ou non atende todas as facetas), e o código 03 refire unha completa desatención das necesidades do/a menor nese terreo concreto (non asume en absoluto a atención das necesidades da/o menor)

Para cubrir esta táboa, sirva como exemplo o seguinte a partir da necesidade básica “alimentación”:

Código 01: marcarase nos casos en que se realizan todas as comidas diarias para cada menor e se realizan nas horas debidas e co tipo de alimentos correspondentes a cada comida.

Código 02: marcarase no caso en que non se fan todas as comidas do día para o/a menor ou se se fai non é de forma axeitada polo tipo de alimentos que se consumen.

Código 03: marcarase cando se detecta un claro déficit de atención porque non compren nin cos horarios nin coa comida, podendo falar, mesmo, de casos de “desnutrición”.

En situacións nas que se detecta que hai unha atención das necesidades básicas do/a menor, pero con dificultades debidas a motivos económicos, conciliación vida laboral-vida familiar, enfermidade ou discapacidade.... sinalarase no apartado de observacións que hai ao final desta sección.

De seguido, e na eventualidade da existencia de menores que precisan protección, cubrirase a seguinte táboa correspondente ás “Medidas de protección de menores aplicadas e en vigor”, e utilizarase a mesma identificación de código da/s e do/s menores que figura na táboa anterior.

O obxectivo é recoller información sobre o tipo de apoios e medidas que xa están sendo aplicadas para protexer o/a menor e non das que sería preciso poñer en marcha (obxecto doutro informe diferente). No caso de que non existan esas medidas por non seren necesarias marcarase o recadro “Non procede”.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN DE MENORES APLICADAS E EN VIGOR			MENOR 1	MENOR 2	MENOR 3	MENOR 4	MENOR 5
Non procede (por non ser necesarias)			☐	☐	☐	☐	☐
Menor en situación de risco	Apoio técnico (1)	Gabinete de orientación familiar (GOF)	☐	☐	☐	☐	☐
		Mediación familiar	☐	☐	☐	☐	☐
		Puntos de encontro familiar	☐	☐	☐	☐	☐
		Programa de integración familiar (PIF)	☐	☐	☐	☐	☐
		Atención de día	☐	☐	☐	☐	☐
		Programa de avaliación e tratamento terapéutico	☐	☐	☐	☐	☐
		Programa de intervención ambulatoria con adolescentes	☐	☐	☐	☐	☐
		Programa de inserción sociolaboral MENTOR	☐	☐	☐	☐	☐
		Programas de apoio socioeducativos e de tempo libre	☐	☐	☐	☐	☐
		Programa de educación e apoio familiar ss.ss comun.básicos	☐	☐	☐	☐	☐
		SAF	☐	☐	☐	☐	☐
		Outros. Especificar:	☐	☐	☐	☐	☐
	Asunción de garda (2)	Acollemento familiar	☐	☐	☐	☐	☐
		Acollemento residencial	☐	☐	☐	☐	☐
Menor en situación de desamparo	Tutela	Acollemento familiar	☐	☐	☐	☐	☐
		Acollemento residencial	☐	☐	☐	☐	☐
	Adopción		☐	☐	☐	☐	☐

En primeiro termo, aténdese á diferenciación entre menor en situación de risco e menor en situación de desamparo, que se definen do seguinte xeito⁸:

- **Situación de risco:** é a que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que prexudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo e que permita razoablemente temer que no futuro poida estar incurso nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social.
- **Situación de desamparo:** é a que se produce de feito por causa do incumprimento ou do posible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estas queden privadas da necesaria asistencia moral ou material.

Unha vez identificada a situación na que se atopa o/a menor especificáranse as medidas establecidas para a súa protección:

1. No suposto de tratarse dun ou dunha menor en situación de risco, indicárase se conta con apoio técnico e/ou se se atopa en situación de garda. As medidas de apoio técnico son varias e a situación do/a menor pode precisar máis dunha, polo que neste apartado a marcación pode ser múltiple. Para seleccionalas adecuadamente, as medidas de apoio técnico están definidas no Anexo III deste manual.

A asunción de garda lévase a cabo previa solicitude das persoas proxenitoras. A garda, como medida de protección da e do menor, supón para quen a exerce a obriga de velar pola persoa menor de idade, tela na súa compañía, alimentala, educala e procurarlle unha atención e formación integral. No caso de menores en situación de risco, son o pai/nai, cando non poden facerse cargo temporalmente dos seus fillos e fillas, quen solicitan á Xunta de Galicia que asuma a súa garda.

⁸ Definicións extraídas da Guía de recursos do sistema de protección de menores, editada pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, Consellería de Traballo e Benestar, 2013.

A garda exerceuse a través do acollemento, que consiste na integración da nena ou neno nunha familia acolledora -acollemento familiar- ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado -acollemento residencial-. Nun acollemento familiar tamén poden existir medidas de apoio técnico, en cuxo caso se farán constar no apartado de “observacións” que figura ao final da epígrafe relativa a “menores da unidade convivencial”.

2. Cando se trata dun/ha menor en situación de desamparo, existen dous tipos de medidas destinadas á súa protección: a tutela e a adopción.

- **A tutela:** cando un/ha menor se atopa en situación de desamparo, a entidade pública de protección (Xunta de Galicia, a través da unidade administrativa competente na materia) debe asumir a súa tutela. Isto implica que a patria potestade do pai e da nai queda suspendida e a Xunta de Galicia pasa a exercer as facultades e obrigas que lles corresponderían a ambos. Unha destas facultades e obrigas é a garda das e dos menores.

Sexa por imperativo legal -tutela- ou, como se veu anteriormente, por petición da nai/pai -garda voluntaria-, o neno ou nena é separado/a da súa familia e correspóndelle á Xunta de Galicia proporcionarlle alimento, coidado, educación, saúde, compañía, afecto... A garda durará o tempo imprescindible en canto perduren as circunstancias que deron lugar a asumila. Durante ese tempo procurarase que as relacións familiares e sociais do neno ou nena sufran as mínimas alteracións posibles, mantendo visitas e contactos co pai/nai e demais familiares (a menos que resulte prexudicial para o/a neno/a) e atenderase en todo momento á súa reintegración na familia de orixe. Aínda que a tutela sempre é exercida pola administración, trasládase o exercicio da garda a unha familia acolledora ou a un centro residencial. En casos de acollemento familiar poden existir medidas de apoio técnico, en cuxo caso se farán constar no apartado de “observacións” que figura ao final da epígrafe relativa a menores da unidade convivencial.

- **A adopción:** consistente na integración definitiva da persoa menor de idade nunha familia distinta á súa familia de orixe.

Finaliza esta epígrafe cun apartado destinado ás “observacións” que se consideren oportunas sobre os/as menores da unidade de convivencia e que non quedasen recollidas nas táboas anteriores: por exemplo, as medidas de apoio técnico que poden darse en casos de acollemento familiar (tanto na asunción de garda como en tutela), ou explicar, en casos de atención inadecuada ou desatención das necesidades básicas dos/das menores, se é por unha situación económica precaria, por imposibilidade de conciliar axeitadamente vida familiar e vida laboral ou por concorrencia de enfermidade / discapacidade ou dependencia. E mesmo tamén se estas razóns poden dificultar a atención das necesidades básicas, aínda cando estean cubertas, para deixar constancia do esforzo e implicación.

Tamén en observacións, e para os supostos de separación ou divorcio especificarase se a garda e custodia dos/as menores é compartida ou non, e tanto nun caso coma noutro, se o proxenitor e a proxenitora compren cadansúas responsabilidades ou se, pola contra, fano de maneira intermitente ou limitada, debendo especificar por parte de quen (do pai, da nai ou de ambos), ou se esa situación é constante, frecuente ou xeneralizada -indicando tamén quen é a persoa responsable de que sexa así: a nai, o pai ou ambos-.

III.5 SITUACIÓNS DE VIOLENCIA NA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Esta epígrafe só será obxecto de cobertura no caso de existencia dalgún tipo de violencia dentro da unidade de convivencia e/ou sobre algunha das persoas que conforman dita unidade. Realizarase unha diferenciación segundo se trate de:

- Violencia de xénero.
- Violencia doméstica.
- Outro tipo de violencia.

En caso de que non existan situacións de violencia pasarase directamente á epígrafe III.6: Permanencia dalgunha persoa da unidade de convivencia nalgún centro ou programa (ou ao seguinte, se esta tampouco procede). Se hai algunha situación de violencia, en función da modalidade desta, cubrirase a sección que corresponda.

III.5.1 VIOLENCIA DE XÉNERO

Para a identificación de situacións de violencia de xénero pártese do concepto que recolle a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, concretamente no seu artigo 1: “Para os efectos desta lei, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada”.

Polo tanto, esta conceptualización non limita a violencia de xénero á exercida contra a muller por parte da súa parella ou exparella, nin a circunscribire unicamente ao ámbito privado, definindo as súas posibles formas no artigo 3 do texto normativo, formas que se incorporan na táboa de recollida de datos que logo se describe (variable: tipo de violencia).

VITIMA			
TIPO DE VIOLENCIA (selección múltiple)			
☐ 1. Física	☐ 2. Psicolóxica	☐ 3. Económica	☐ 4. Sexual e abusos sexuais
☐ 5. Acoso sexual		☐ 6. Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual	
☐ 7. Outras. Especificar:			
O PRESUNTO AGRESOR EN RELACIÓN COA VÍTIMA É O SEU			
CONVIVENCIA CO PRESUNTO AGRESOR			
TEMPO DE RELACIÓN	DURACIÓN DO MALTRATO		
EXISTE CONSTANCIA DALGUNHA DENUNCIA CONTRA O PRESUNTO AGRESOR?	ORDEN DE PROTECCIÓN OU MEDIDAS CAUTELARES		
☐ DENUNCIADO ☐ CONDENADO			
SENTENZA		DATA	MEDIDAS DE PROTECCIÓN EN VIGOR
☐ 1. Absolutoria ☐ 2. Condenatoria ☐ 3. Pendente			
ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (selección múltiple)			
☐ Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.			
☐ Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declara que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na dita Lei.			
☐ Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local.			
☐ Certificación dos servizos de acollida da administración pública autonómica ou local.			
☐ Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.			
☐ Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.			
☐ Calquera outra que se estableza regulamentariamente.			
Especificar:			
Foi vítima de violencia de xénero con anterioridade (en mans doutra persoa agresora)?			

O primeiro campo que o/a profesional debe completar é o relativo á identificación da vítima de violencia de xénero na unidade de convivencia. A continuación, seleccionárase o tipo de violencia de xénero de que se trate, podendo presen-

tarse máis dunha forma, polo que é posible a marcación múltiple. Como se indicou, a tipoloxía recollida é a establecida pola Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- a) Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.
 - b) Violencia psicolóxica, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.
- Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.
- c) Violencia económica, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.
 - d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.
 - e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se vale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.
 - f) A trata ou tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, calquera que fose a relación que una a vítima co agresor e o medio utilizado.
 - g) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

Aínda que nos baseamos nesta definición de violencia de xénero, a efectos xurídicos aplícase a normativa estatal, que é a que tipifica os delitos. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero sinala que esta forma de violencia é por parte de quen sexan o fosen os seus cónxuxes ou de quen estean o estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia. Polo tanto, será habitual atopar nas sentenzas que unha agresión dun pai a unha filla se considere sempre como violencia doméstica e non como violencia de xénero, mentres que para outro tipo de prestacións e axudas a lei galega manexa un concepto máis amplo, de maneira que se o xénero é a razón da dita agresión considerárase violencia de xénero.

A continuación especificarase cal é o vínculo do presunto agresor coa vítima; para iso inclúense en despregable unha serie de posibles respostas axustadas ao concepto legal, segundo o cal a vítima ten que ser necesariamente unha muller e o presunto agresor será sempre un home, con independencia do tipo de relación que exista entre ambos. Se non se axustase a ningunha das categorías contempladas marcarase no despregable "Outros" e especificarase o que corresponda (no campo de texto aberto que está ao lado do despregable); por exemplo: "superior laboral", no suposto de ser vítima de acoso sexual no traballo.

A convivencia co presunto agresor, o tempo que durou a relación e a duración do maltrato son outras das variables que se deben cubrir, sen que presenten maior dificultade, debendo seleccionar unha opción nos correspondentes despregables. En relación á convivencia co presunto agresor, no caso de que non exista pero si houbera no pasado, sinalarase a data de cese da convivencia e indicarse o mes e ano no espazo habilitado ao lado do despregable.

Especificarase, así mesmo, se existe constancia dalgunha denuncia contra o presunto agresor e se están activa ou existiu orde de protección ou medidas cautelares. En caso afirmativo, e no seguinte despregable, sinalarase se está/n en vigor ou non.

A eventual identificación persoal do agresor só debe producirse con fundamento no feito previo, obxectivo e demostrable de que este fose previamente denunciado ou condenado por causa da dita violencia, especificando en todo caso cal das dúas situacións concorre: denuncia ou condena.

Tamén se recollerán datos sobre a sentenza, de ter seguido adiante o proceso de denuncia e indicarse a opción que corresponda: se a sentenza está aínda pendente, se é absolutoria ou, pola contra, condenatoria. Neste punto é importante que se recolla información o máis precisa posible, polo que, de terse ditado sentenza, indicarse a data e se contempla ou non medidas de protección en vigor.

En relación coa sentenza, se a hai e esta fose absolutoria valorarase igualmente unha situación como violencia de xénero, pois pode darse o caso de mulleres vítimas de violencia de xénero con sentenza absolutoria, ou que teñan denuncia e non se lle conceda orde de protección; é dicir, non terían unha resolución xudicial para acreditar a situación de violencia de xénero pero a/o profesional dos servizos sociais comunitarios pode considerar que é vítima de violencia de xénero e emitir o informe social que acredite esa situación para acceder ás axudas/recursos para vítimas de violencia de xénero. Tamén podería estar acreditada por outro medio como o informe dun centro de acollida, o informe dos servizos sanitarios...

Se non houberse orde de protección ou medidas cautelares, e si houberse denuncia, pero a sentenza fose absolutoria, e tampouco se acredita esa situación de violencia de xénero, explicaríase esta circunstancia no apartado de observacións.

Así mesmo, debe acreditarse a situación de violencia de xénero, cando menos a través dun documento, podendo marcar máis dun ítem segundo a documentación presentada: certificación de orde de protección, sentenza, certificación de servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, certificación dos servizos de acollida da administración pública autonómica ou local, informe do Ministerio Fiscal, da Inspección de Traballo e da Seguridade Social ou calquera outro que se estableza regulamentariamente e, neste último caso, especificar cal no espazo habilitado para tal fin.

Finalmente hai un espazo no que se consignará se a vítima sufriu violencia de xénero con anterioridade por parte doutra persoa e, en caso afirmativo, describir brevemente a situación da violencia padecida no espazo de campo aberto habilitado a continuación e nos termos en que resulten de interese para o motivo do informe social,.

Un apartado de Observacións destínase a engadir a información que non fose reflectida nos campos anteriores; por exemplo, cando non é posible acreditar a situación de violencia; información sobre denuncias anteriores; sobreesamento da causa, ordes de protección que non están en vigor, situación en caso de non terse ditado sentenza etc.

III.5.2 VIOLENCIA DOMÉSTICA

Unha vez definida a violencia de xénero segundo a conceptualización recollida na Lei galega 11/2007, cabe entender por violencia doméstica aquela que ten lugar no seo da unidade de convivencia e que non pode ser considerada violencia de xénero. É a violencia exercida no ámbito da convivencia familiar ou asimilada, por parte dunha das persoas que a integran contra algunha das demais persoas ou contra todas elas. Inclúe, pois, a violencia entre irmáns/ás, o maltrato a menores, o maltrato a persoas maiores, violencia filio-parental.... En realidade, se se fala de violencia doméstica e a efectos do modelo de informe social para a área da inclusión, é importante sinalar que non é precisa a existencia de vínculos familiares, sempre que a violencia teña lugar dentro do ámbito da unidade convivencial (por exemplo, por parte de coidadores/as...).

Esta violencia pode consistir en golpes, contusións, empurróns, labazadas, rabuños e semellantes, realizados no corpo das vítimas, así como insultos, ameazas, humillacións, vexacións—incluídas as actitudes derivadas do edadismo— e outras agresións semellantes de natureza psíquica e /ou psicolóxica.

En relación co concepto de violencia doméstica, é importante ter en conta o establecido no artigo 173.2 do Código Penal:

“O que habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou teña sido o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou teña estado ligada a el por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ao do cónxuxe ou convivinte, ou sobre os/as menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivinte, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que polo seu especial vulnerabilidade se encontran sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou privados, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, privación do dereito á tenza e porte de armas de dous a cinco anos e, se é o caso, cando o xuíz ou tribunal o estime axeitado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento por tempo dun a cinco anos, sen prexuízo das penas que puidesen corresponder aos delitos ou faltas en que se tivesen concretado os actos de violencia física ou psíquica.”

Os datos que se deben recoller nesta sección corresponden ás mesmas variables que se habilitaron no apartado de violencia de xénero e están estruturadas en campos semellantes, pero con algunhas diferenzas:

- Respecto do tipo de violencia, as opcións difiren algo da tipoloxía exposta para a violencia de xénero segundo se indica a continuación
 - É física, cando as condutas implicadas supoñen abusos físicos que van desde a labazada ao homicidio, pasando po las lesións con o sen ingreso clínico.
 - É psicolóxica cando van desde o insulto á ameaza, o seu efecto soe ser profundo e perturbador, e conduce moitas veces aos malos tratos físicos. Son desvalorizacións, xestos ameazantes, condutas restritivas e por último, culpabilización a outras persoas das condutas violentas a propia persoa maltratadora.
 - É social cando se illa á persoa maltratada, e se lle priva de relacións significativas ou se lle humilla nas relacións sociais.
 - É económica cando se impide o acceso á información ou manexo de cartos. Valórase este aspecto pola súa frecuencia e a importancia do factor económico nas situacións de maltrato.
 - É sexual cando se producen actos de natureza sexual forzada pola persoa agresora e non consentida pola vítima, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual.
- En canto ao vínculo da persoa presunta agresora coa vítima, as respostas adaptanse lóxicamente á definición de violencia doméstica, de tal xeito que quedan reflectidas as principais variantes nun despregable e consignarase no espazo de texto aberto habilitado ao lado do despregable algún outro tipo de relación non considerada entre as categorías previstas.

VÍTIMA

TIPO DE VIOLENCIA (selección múltiple)

☐ 1. Física ☐ 2. Psicolóxica ☐ 3. Social ☐ 4. Económica ☐ 5. Sexual

☐ 6. Outras. Especificar: _____

A PERSOA PRESUNTA AGRESORA, EN RELACIÓN COA VÍTIMA, É O SEU/SÚA:

CONVIVENCIA COA PERSOA PRESUNTA AGRESORA

TEMPO DE RELACIÓN DURACIÓN DO MALTRATO

CURSO OU TEN CURSADA DENUNCIA CONTRA A PERSOA PRESUNTA AGRESORA ORDEN DE PROTECCIÓN OU MEDIDAS CAUTELARES

☐ DENUNCIADO/A ☐ CONDENADO/A

SENTENZA DATA MEDIDAS DE PROTECCIÓN EN VIGOR

☐ 1. Absolutoria ☐ 2. Condenatoria ☐ 3. Pendente

ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DOMÉSTICA (selección múltiple)

☐ Orde de protección xudicial ou medida cautelar.

☐ Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de que a persoa está sendo obxecto de violencia.

☐ Sentenza condenatoria sobre a persoa agresora.

☐ Certificación e/ou informe dos servizos sociais da administración autonómica ou local ou dun centro de acollida indicando a situación.

☐ Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Especificar: _____

A eventual identificación persoal da persoa presunta agresora só debe producirse con fundamento no feito previo, obxectivo e demostrable de que esta fose previamente denunciada ou condenada por causa da dita violencia, especificando en todo caso cal das dúas situacións concorre: denuncia ou condena.

Inclúese tamén un campo destinado a Observacións para plasmar información non recollida previamente e que pode resultar de interese para os efectos do informe social; por exemplo, se se detectasen malos tratos por parte de familiares que non conviven na unidade de convivencia, deberíase deixar constancia.

III.5.3 OUTRO TIPO DE VIOLENCIA

Dedícase este terceiro subapartado á recollida de información relativa a outros tipos de violencia distintos da violencia de xénero e da violencia doméstica.

TIPO DE VIOLENCIA (selección múltiple)

☐ 1. Acoso escolar (Bullying) ☐ 2. Acoso laboral (Mobbing) ☐ 3. Trata de persoas (1) ☐ 4. Ciberacoso(Cyberstalking)

☐ 5. Ciberacoso escolar(Cyberbullying) ☐ 6. Outras. Especificar: _____

VÍTIMA

VÍNCULO DA PERSOA PRESUNTA AGRESORA COA VÍTIMA

DURACIÓN DA RELACIÓN DURACIÓN DA VIOLENCIA

CONVIVENCIA /COMPARTO ESPAZO COA PERSOA PRESUNTA AGRESORA DENUNCIA

O primeiro dato que rexistrará a traballadora ou traballador social é o tipo de violencia de que se trata. Consideráronse os seguintes tipos de violencia: acoso escolar ou no termo anglosaxón bullying; acoso laboral ou mobbing; a trata de persoas -sempre e cando non sexa de mulleres ou nenas con fins de explotación sexual, a cal debe considerarse como un tipo de violencia de xénero, segundo a Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero-; o ciberacoso (cyberstalking) e o ciberacoso escolar (cyberbullying). Se fose outra forma de violencia indicárase na categoría “Outras”, debendo especificarse.

As definicións dos tipos de violencia especificados expóñense no Anexo IV deste manual.

Dados os múltiples tipos de violencia que se poden rexistrar, a continuación aparecen dous campos de texto aberto; o primeiro para indicar, escribindo o texto correspondente, quen é a vítima (de entre as persoas que integran a unidade de convivencia) e o segundo para sinalar o vínculo da persoa presunta agresora coa vítima, por exemplo se é un/ha profesor/a do colexio, un/ha compañeiro/a de clase, un/ha compañeiro/a de traballo, un/ha xefe/a, o/a dono/a dun club de alterne etc.

As seguintes variables son de marcación simple a través do correspondente despregable: duración da relación, duración da violencia e existencia de denuncia. Se convive ou comparte espazo coa persoa presunta agresora na actualidade é outro dato que se debe recoller e detallarse do xeito máis claro posible o lugar de convivencia, se a resposta é positiva, e de ser negativa, sinalárase a data de cese da convivencia, no espazo de texto aberto que se atopa a continuación e na mesma liña.

Inclúese un apartado de Observacións para engadir os comentarios que se consideren oportunos respecto da existencia deste tipo de violencia, que non quedase recollida anteriormente e resulte de interese para comprender a historia familiar e a súa dinámica en canto ás relacións establecidas.

CONSTATAÇÃO DA SÚA COOPERACIÓN COAS AUTORIDADES NA INVESTIGACIÓN DO DELITO (2)

Por último, unha variable que só se cubrirá no caso de que se trate de vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos (lémbrese que quedaría excluída deste concepto a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, que se valorará como unha situación de violencia de xénero): a constatación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito, e no caso de que se poida verificar. Isto obedece ao artigo 41 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, segundo o cal:

1. *Cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero, acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento da violencia de xénero, os trámites para a concesión da Risga terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes. O anterior será, así mesmo, de aplicación aos supostos acreditados de violencia doméstica, así como aos supostos de persoas vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos, logo da constatación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito”.*

III.6 PERMANENCIA DALGUNHA PERSOA DA UNIDADE CONVIVENCIAL NALGÚN CENTRO OU PROGRAMA

Esta epígrafe está ideada para indicar se a persoa solicitante e o resto de persoas da unidade de convivencia permanecen nalgún centro e/ou se benefician dalgún programa. Inclúese unha listaxe de posibles centros/programas e pode darse a circunstancia de que unha persoa estea en máis dun, polo que a marcación pode ser múltiple para cada persoa que se sinala: ata cinco opcións que se seleccionarán cada unha delas nun dos cinco despregables que se presentan). Se non se correspondese o centro/programa con ningunha das categorías recollidas, consignarase o código 16, identificado como “outros”, e especificarase o programa/centro do que se trata, no espazo de texto aberto que hai no final de cada fila da táboa.

NOME E APELIDOS	CENTRO / PROGRAMA (A) (selección múltiple)				
PERSOA SOLICITANTE					

(A) Centro / Programa:

- | | |
|--|--|
| 01. Albergues | 08. Centro penitenciario |
| 02. Centro de atención social continuada | 09. Centro de menores |
| 03. Centro de acollida de mulleres: | 10. Centro psiquiátrico |
| 03.01. Centro de emerxencia | 11. Centro/programa de atención a persoas con problemas de drogodependencias |
| 03.02. Casa de acollida | 12. Centro/programa de atención a persoas con problemas de alcoholismo |
| 03.03. Vivenda tutelada | 13. Centro/programa de atención a persoas con outros problemas de adicción |
| 04. Punto de encontro familiar | 14. Programa de atención a vítimas de malos tratos e/ou agresións sexuais |
| 05. Centro de día | 15. Servizo de atención a persoas reclusas |
| 06. Centro residencial | 16. Outros. Especificar |
| 07. Centro ocupacional | |

No caso de que ningunha persoa da unidade de convivencia estea nesta situación deixarase en branco esta táboa e pasarase directamente á seguinte epígrafe.

III.7 ORGANIZACIÓN DA VIDA COTIÁ NA UNIDADE DE CONVIVENCIA

A organización da vida diaria no fogar constitúe unha dimensión importante para a valoración social da unidade de convivencia. O/a traballador/a social adoptará unha perspectiva global desa organización, isto é, valorar “en xeral” como é o funcionamento habitual da organización da familia ou unidade de convivencia.

AUTOCOIDADO

ALIMENTACIÓN

HIXIENE PERSOAL DO GRUPO DE CONVIVENCIA

ORGANIZACIÓN DA VIDA COTIÁ PARA O MANTEMENTO DE HÁBITOS, HORARIOS E RUTINAS

TAREFAS DOMÉSTICAS

TAREFAS DE COIDADO E OUTRAS RESPONSABILIDADES FAMILIARES

En primeiro termo, xulgaranse aspectos relacionados cos hábitos hixiénicos e de coidados, a través de catro ítems: autocoidado, alimentación, hixiene persoal do grupo de convivencia e organización da vida cotiá para o mantemento de hábitos, horarios e rutinas. Indicarase a través dos correspondentes despregables:

- a categoría 01, se estes se desenvolven “sen dificultades” (é dicir, sen problemas nin dificultades en ningún aspecto relacionado co hábito en cuestión);
- a categoría 02 cando “presente dificultades nalgún aspecto” (é dicir, dificultades nalgúns dos aspectos relacionados co hábito sobre o que se consulta)
- ou a categoría 03, se “presenta bastantes dificultades, ou dificultades en todos os aspectos” relacionados co hábito sobre o que se consulta.

A información relativa a este apartado obterase principalmente das entrevistas, das visitas domiciliarias e da observación, realizadas en relación coa intervención, así como doutras fontes consultadas, como o colexio, servizos de saúde...

En segundo lugar, valorarase o grao de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e tarefas de coidado e outras responsabilidades familiares e seleccionaranse:

- categoría 01, se existe un “reparto equilibrado entre as persoas integrantes” da unidade de convivencia,
- categoría 02, se o reparto é “pouco equilibrado”
- categoría 03, se é “totalmente desigualitario”.

Para seleccionar unha das tres opcións procederase a realizar as preguntas oportunas que dean conta de quen é a persoa ou persoas que realizan esas tarefas de maneira habitual no fogar, e a partir de aí determinar se o reparto de tarefas é totalmente equilibrado entre as persoas da unidade de convivencia capacitadas para as ditas tarefas, se é pouco equilibrado porque hai algunha persoa con algo de sobrecarga ou se pola contra recae basicamente sempre na/s mesma/s persoas, de xeito que outras quedan totalmente alleas ás ditas tarefas, sendo evidente a desigualdade total no reparto.

A categoría 04 premerase cando non proceda a resposta para os casos de fogar unipersoal ou se a persoa solicitante non ten aloxamento.

Como orientación do tipo de tarefas sobre as que indagar sinálanse as seguintes:

- Exemplos de tarefas puramente domésticas: facer as compras diarias (inclúe a elaboración axeitada da lista da compra), compra de roupa, de medicamentos...; limpeza do fogar, cociñar, fregar...
- Exemplos de tarefas de coidado e outras responsabilidades familiares levar as/os fillos/as ao colexio, ao médico, actividades extraescolares, coidado de persoas en situación de dependencia, ir ao banco, realizar xestións de seguros do fogar, da familia, asistir ás reunións do colexio...

Para cubrir debidamente este apartado do informe, é importante diferenciar entre responsabilizarse dunha tarefa, que significa ter a obriga última da súa realización e, polo tanto, facerse cargo de que se cumpra unha determinada cousa e axudar, que supón estar libre desa responsabilidade final, significa prestar cooperación pero non ocuparse do seu cumprimento. Nesta epígrafe de organización da vida cotiá estamos a centrarnos no ámbito das responsabilidades e ten relevancia de cara á intervención coa unidade de convivencia.

Tanto as tarefas domésticas como as de coidado e outras responsabilidades familiares constitúen o que se denomina “traballo doméstico”, un conxunto de actividades destinadas a producir bens e servizos orientados ao mantemento e desenvolvemento físico, psíquico e social de quen viven no espazo doméstico. Dado que o dito traballo non ten unha remuneración, nin horario, nin está valorado socialmente, é importante para os efectos de valorar as posibilidades de inclusión sociolaboral dunha persoa, sobre todo se se ten en conta que son as mulleres quen o desempeña na maioría dos casos.

Para concluír con este capítulo, inclúese un campo de Observacións no que engadir todo o que se considere relevante en termos de valoración profesional e/ou información significativa non recollida anteriormente sobre toda a área convivencial e familiar. Trátase de destacar aspectos que a/o profesional valore como especialmente importantes para ter en conta de cara ao capítulo X, de valoración.

IV. ÁREA DE VIVENDA

Os aspectos relacionados coa vivenda constitúen outra das “áreas vitais” da persoa sobre a cal o modelo de informe Social pretende achegar coñecemento, e recolle polo miúdo información relevante para as valoracións das traballadoras e traballadores sociais, especialmente importante perante o suposto de tramitación dunha axuda de inclusión social por razóns vinculadas á vivenda, pero tamén de gran relevancia para outro tipo de prestacións ou para calquera intervención.

A visita ao domicilio da persoa solicitante é fundamental para valorar moitas das dimensións incluídas neste apartado, xa que gran parte dos datos que se deben incluír no informe social precisan dunha valoración cualitativa que só se pode realizar cun desprazamento ata o lugar de residencia.

IV.1 CARACTERÍSTICAS XERAIS DA VIVENDA

TIPO DE VIVENDA	
(No caso código 9. Sen domicilio: Indicar onde pasa a noite e con que frecuencia; mobilidade territorial e posible cronicidade. Ver manual)	
RÉXIME DE POSESIÓN	
CUSTE MENSUAL DO ALUGUEIRO	PORCENTAXE DO CUSTO MENSUAL SOBRE OS INGRESOS
€	% (custo mensual da vivenda x 100 / ingresos mensuais da ud. convivencia)

Comezando polas características xerais da vivenda, en primeiro lugar indicárase, polo sistema de marcación en despregable, o tipo de vivenda, que corresponda. No caso de sinalar o código/categoría “outros” describírase o tipo concreto de vivenda a que se refire no campo de texto aberto que está a continuación, na mesma liña desta variable ou despregable. Se se tratase dunha persoa sen domicilio, recollerase información, no campo de texto aberto habilitado xustamente debaixo desta variable, sobre cuestións como: onde pasa a noite (na rúa, na casa de familiares, na casa de amizades, noutros posibles lugares); con que frecuencia (intermitentemente, habitualmente); se hai mobilidade territorial (sen cambios territoriais, cambios intermitentes, distanciados no tempo segundo a época, ou continua mobilidade xeográfica); así como a eventual cronicidade da situación.

O réxime de posesión é outra das variables que é preciso rexistrar mediante marcación simple no despregable que se presenta, e especificárase no espazo de texto aberto (que está ao lado do despregable) a que se refire en caso de sinalar a categoría “outra forma” (código 7).

Tamén se rexistrará o custo mensual de aluguer da vivenda, xa que é necesario para solicitudes do complemento de alugamento⁹. En primeiro termo indicárase o seu custo en euros, e a continuación farase un cálculo do que ese custo supón sobre a totalidade dos ingresos mensuais da unidade de convivencia, a través da seguinte fórmula: custo mensual en euros da vivenda x 100/ o total de ingresos mensuais da unidade de convivencia.

9 Segundo o artigo 21.5 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia ...mentres non se realice o desenvolvemento regulamentario anteriormente sinalado, só será aplicable cando quede acreditado que a contía do alugamento importa polo menos o 40 % dos ingresos totais da unidade de convivencia, que se carece de vivenda en propiedade e que entre a persoa arrendataria e arrendadora non existe relación de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, nin relación conxugal nin de unión estable e de convivencia.

IV.2 EQUIPAMENTO

En canto ao equipamento da vivenda rexistrarse, en primeiro lugar, todo o equipamento e subministracións dos que dispoña, seleccionando os recadros correspondentes (marcación múltiple) de entre os 15 que se propoñen. Como elementos de protección (código 15) consideraranse, entre outros, as alarmas de seguridade, de detección de incendios, de auga, de gas..., debendo escribir o elemento de protección que corresponda no texto de campo aberto habilitado para tal fin.

EQUIPAMENTO E SUBMINISTRACIÓNS DISPOÑIBLES (marcar todos os que se dispoña)

☐ 1. Auga corrente	☐ 2. Auga quente	☐ 3. Electricidade
☐ 4. Gas	☐ 5. Teléfono fixo ou móbil	☐ 6. Internet
☐ 7. Retrete	☐ 8. Calefacción total	☐ 9. Calefacción parcial (estufas)
☐ 10. Ascensor	☐ 11. Ducha / Baño	☐ 12. Instalacións básicas de cociña
☐ 13. Frigorífico	☐ 14. Lavadora automática	☐ 15. Elementos de protección. Especificar: (1)

VALORACIÓN DO EQUIPAMENTO DA VIVENDA

VALORACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS DISPOÑIBLES (Luz, auga, electricidade, gas, telefonía ...)

A continuación o/a profesional emitirá unha valoración deses equipamentos. Para iso, en base aos datos rexistrados no punto anterior e á observación do estado do equipamento/vivenda indicará no correspondente despregable a categoría correspondente:

- categoría 1: dispón de equipamento en xeral e este é adecuado,
- categoría 2: mostra certo deterioro ou deficiencia dalgúns equipamentos. Neste caso, describirase en que consiste ese deterioro ou deficiencia no espazo de texto aberto habilitado a continuación.
- categoría 3: a vivenda carece de equipamentos básicos, en xeral.

En definitiva, esta pretende ser unha escala valorativa resumo que axilice tanto a cobertura como a lectura do informe, en canto aos equipamentos da vivenda.

Tamén se inclúe unha valoración das subministracións dispoñibles (auga, electricidade, gas, telefonía...) a través doutro despregable, de marcación simple, no que aparece unha escala que vai do nivel máis positivo ("dispón e son adecuadas") ao nivel máis negativo ("carece dalgunha subministración básica"). Neste caso, a categoría máis negativa desagregase en dúas para diferenciar o motivo principal da carencia: por cuestións técnicas (non dispoñibilidade na zona) ou por cuestións económicas. En resumo, estas son as categorías posibles a seleccionar:

- categoría 1. Dispón e son adecuadas
- Categoría 2. Deterioro e/ou deficiencia
- Categoría 3. Carece dalgunha subministración básica por cuestións técnicas (non está dispoñible na zona)
- Categoría 4. Carece dalgunha das subministracións básicas por cuestións económicas.

IV.3 CONDICIÓN DE HABITABILIDADE

Para a valoración das condicións de habitabilidade da vivenda procederase primeiro a rexistrar datos cuantitativos sobre esta, comezando por estas catro variables (extraídas do SIUSS):

NUMERO DE CUARTOS (1)	Nº DE PERSOAS	SUPERFICIE UTIL (m ²)	METROS CADRADOS POR PERSOA (2) (m ² /persoa)
OCUPANTES DA VIVENDA			
VALORACIÓN DAS CONDICIÓN DE HABITABILIDADE (selección múltiple)			
☐ 1. Ameaza ruína			
☐ 2. Barreiras arquitectónicas no acceso. Describir:			
☐ 3. Barreiras arquitectónicas na vivenda. Describir:			
☐ 4. Deteriorada (pingueiras, humidade...)	☐ 5. Falta ventilación	☐ 6. Falta iluminación natural	
☐ 7. Inadecuada distribución e utilización do espazo (3)	☐ 8. Aceptable		
ESTADO HIXIÉNICO			
MANTEMENTO			

- o número de cuartos: neste caso contabilizaranse todos os espazos susceptibles de converterse en dormitorio, polo tanto todos a excepción do baño, aseo, cociña, terraza, corredor e vestíbulo. O salón ou comedor considérase cuarto ou dormitorio. A descrición de “peza única” (código 7) refírese a unha vivenda cuxos diferentes servizos (cociña, dormitorio, salón etc.) están distribuídos nun espazo único sen subdivisións. Marcarase a opción correspondente (unha soa) no despregable.
- o número de persoas que a habitan: o total das persoas que conviven, teñan ou non relación de parentesco entre elas. Este dato serve para calcular o grao de amoreamento. Consignarase no recadro de texto aberto que está a continuación.
- a superficie útil en metros cadrados: ten que ser o máis exacta posible, xa que serve para calcular o número de m² por persoa. Igual que no caso anterior tamén se indicará en campo de texto aberto.
- metros cadrados por persoa: hai que dividir a superficie útil da vivenda entre o número de persoas, dato que nos informa sobre unha posible situación de amoreamento. Para isto, considerarase:
 - amoreamento crítico: cando resulte un valor inferior a 6 m² por persoa.
 - amoreamento moderado: cando resulte un valor entre 6 e 9 m² por persoa.
 - sen problema de amoreamento: cando resulte un valor de 10 ou máis m² por persoa.

A continuación, a variable ocupantes da vivenda recollerá información sobre se se trata dunha vivenda na que reside unha única unidade de convivencia ou se, pola contra, habita máis dunha, ben nunha vivenda particular, ben en aloxamentos ou vivendas colectivas.

Para a valoración das condicións de habitabilidade establécese ata un total de oito categorías de resposta e pode marcarse máis dunha, seleccionando o recadro correspondente cun X. Poderase indicar:

- o eventual estado de ruína, como categoría 1 (“ameaza ruína).
- (se existen barreiras arquitectónicas tanto no acceso (categoría 2) como no seu interior (categoría 3). Neste caso describirase en que consisten ditas barreiras no espazo de texto aberto habilitado para tal fin, xusto debaixo das ditas categorías.
- ou o eventual deterioración; por exemplo, se hai humidades, pingueiras..., como categoría 4
- se hai falta de ventilación ou falta de iluminación natural, como categorías 5 e 6, respectivamente

- indicarase tamén se existe unha inadecuada distribución e utilización do espazo (categoría 7); para isto teranse en conta os espazos dispoñibles e a súa distribución en relación con cada persoa que convive (se hai espazos para a intimidade, para o estudo, para o descanso ou calquera outro aspecto que faga que a habitabilidade é inadecuada desde este punto de vista).
- No caso de que as condicións de habitabilidade se consideren “aceptables”, marcarase no campo correspondente (código 08), e só neste caso esta variable sería de selección simple; é dicir, de marcar esta sería a única categoría posible, agás que, valoradas como aceptables as condicións, se detecten leves situacións de barreiras, falta de ventilación...

O estado hixiénico da vivenda e o mantemento son outras variables que se deben cubrir ou completar a través de cadansúa escala de medición (de tres niveis no primeiro caso e de catro niveis no segundo caso), que van do nivel máis positivo ao máis negativo, debendo seleccionar unha soa das opcións que se despregan. En canto ao mantemento será conveniente indicar nas observacións que hai ao final da área, e nos casos en que se detectan deficiencias (se se marca nivel 3 ou 4 da escala de valoración), se isto se debe á falta de capacidade económica para realizar arranxos ou a outras razóns.

IV.4 ESTABILIDADE

Esta epígrafe dedícase á información sobre a estabilidade da unidade de convivencia en relación coa vivenda. Para iso, diferénciase entre persoas aloxadas en vivenda particular-familiar ou aloxamento colectivo non institucional; persoas que se atopan en aloxamento colectivo institucional e persoas sen aloxamento. Obviamente só se cubrirá unha das situacións sinaladas, pois son excluíntes, e en todas elas se utiliza unha escala de medición de tres niveis para dar conta do grao de estabilidade na vivenda e a previsión de cambio de domicilio. Aínda que á escala de valoración sempre é de tres niveis, o enunciado destes varía segundo a situación concreta de aloxamento, como se pode ver nos respectivos despregables.

PERSOAS ALOXADAS EN VIVENDA OU ALOXAMENTO PARTICULAR - FAMILIAR E ALOXAMENTO COLECTIVO NON INSTITUCIONAL

PERSOAS EN ALOXAMENTO COLECTIVO INSTITUCIONAL

PERSOAS SEN ALOXAMENTO

IV.5 CONTORNO DA VIVENDA

ÁMBITO DA VIVENDA	ACCESO A SERVIZOS E RECURSOS	TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE ADAPTADO
VALORACIÓN DO CONTORNO / HÁBITAT PARA A INCLUSIÓN SOCIAL		VALORACIÓN DA ZONA (1)	
ACCESIBILIDADE, BARREIRAS NO CONTORNO			

En canto ás características sobre o contorno da vivenda, a cobertura tampouco presenta dificultades conceptuais; todas son de marcación simple nos correspondentes despregables das seguintes variables:

- ámbito da vivenda, coas categorías: 1. urbano; 2. Urbano, zona marxinal; 3. Semiurbano; 4. Rural; 5. Illado. Esta última refírese aos casos nos que a vivenda se atopa nunha zona de hábitat rural que ademais está illada; é dicir, “rural illado”.
- acceso a servizos e recursos (1. Boa. 2. Regular; 3. Mala); frecuencia do transporte público se o hai, e existencia ou non de transporte adaptado.

Para a valoración do contorno/hábitat para a inclusión social preséntase unha escala de medición de tres niveis na que o “nivel 1” se corresponde co máis axeitado para a inclusión social. O “nivel 2” refírese aos contornos ou hábitats nos que pode haber algúns factores de risco, como por exemplo, tratarse dun lugar moi illado, sen accesos fáciles nin servizos, existencia de barrios/zonas marxinais cerca do domicilio, delincuencia, droga etc. Cando estes factores se converten en verdadeiros factores de exclusión, polo seu grao ou proximidade ao domicilio e se suma á falta de emprego, de transporte, malas condicións hixiénicas do contorno, pobreza, falta de relacións sociais polo illamento....estariase a falar dun contorno ou hábitat que presenta factores de exclusión (nivel 3).

Igualmente se establece unha escala de medición de tres niveis para a valoración da zona: 1. Normalizada; 2. Certo deterioración da zona; 3. Zona degradada. Para seleccionar o nivel de valoración na escala despregable, o/a profesional terá en conta aspectos como: as condicións do espazo público (mantemento da vía pública, xardíns, sinalización de tráfico, iluminación nocturna...); o estado e mantemento das edificacións; a presenza de redes sociais e identificación de grupo; a seguridade cidadá..., entre outras.

Para valorar a accesibilidade e barreiras no contorno so é posible mediante observación e análise deste, co obxectivo de detectar posibles barreiras arquitectónicas (escaleiras, falta de aceiras ou beirarrúas...), da comunicación (sinalización, semáforos etc.). Indicarase a opción correspondente segundo a seguinte escala: 1. Sen problema de accesibilidade; 2. Con algunhas dificultades de accesibilidade; 3. Con graves problemas de accesibilidade ou contorno non accesible.

IV.6 DISPOÑIBILIDADE DE VIVENDA OU ALOXAMENTO PARTICULAR FAMILIAR POR PARTE DAS PERSOAS EN ALOXAMENTO COLECTIVO INSTITUCIONAL

Esta epígrafe só será obxecto de cobertura cando a persoa solicitante resida nun aloxamento colectivo institucional; polo tanto, pasarase directamente ao seguinte apartado (de observacións) no caso de que a persoa non resida nunha institución.

O obxectivo é coñecer se dispón ou non dunha vivenda ou aloxamento particular familiar, ou se podería dispoñer dela. En caso de que dispoña ou poda dispoñer anotarase en que condicións está a dita vivenda ou aloxamento dispoñible, a través dunha escala de medición de tres niveis no que o primeiro é o nivel máis positivo (condicións adecuadas) e o último é o nivel máis negativo (deteriorada), cun nivel intermedio que alude a “certo deterioración” e que se seleccionará cando a vivenda/aloxamento presente deficiencias só nalgúns aspectos e non en todos ou case todos (como sería no caso da categoría ou nivel 3). En caso de seleccionar o nivel 3, especificarase en que consiste esa deterioración describindo no espazo de texto aberto que aparece a continuación.

DISPOÑIBILIDADE DUNHA VIVENDA OU DUN ALOXAMENTO PARTICULAR FAMILIAR

CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE DA VIVENDA OU DO ALOXAMENTO DISPOÑIBLE

(cubrir só se dispón ou podería dispoñer dunha vivenda ou dun aloxamento particular familiar)

Por último, e como peche de área, engádese un apartado de “observacións” para que se inclúan todas as consideracións sobre a área de vivenda que non puideron ser incorporadas previamente. Tendo en conta o actual contexto socioeconómico, é importante deixar constancia neste campo de eventuais non pagamentos da vivenda e situación ou risco de desafuzamento¹⁰; descrições valorativas das condicións da vivenda e do equipamento, por exemplo, de precisaren adaptacións no fogar; se é necesario un cambio de vivenda ou busca de vivenda, se non conta con equipamentos ou subministracións básicas, se a deterioración ou mal estado é por cuestións económicas ou por abandono das persoas convivintes... Así mesmo, incluírase aquí a información que se considere pertinente no caso da solicitude de AIS relacionadas coas necesidades de vivenda.

¹⁰ Aspecto que tamén se pode facer constar nas observacións da área económica.

V. ÁREA PERSOAL

Nesta área recádase información da persoa solicitante e/ou membros da unidade de convivencia verbo de distintas dimensións relacionadas coa persoa:

- o nivel de competencias e habilidades (epígrafe V.1).
- aspectos relacionados cos dinamismos vitais (epígrafe V.2).
- e o grao de desenvolvemento persoal, información e uso dos servizos sociais (epígrafe V.3).

Trátase dunha información relevante, tanto máis nos supostos de deseño de itinerarios de inserción, de acordos para a integración socioeducativa de menores... nos que é importante ter en conta estes aspectos relacionados coa personalidade. Segundo a Lei de inclusión social de Galicia, para acceder ao tramo persoal e familiar da renda de inclusión social a vinculación cos servizos sociais comunitarios implicará a subscrición dun proxecto de integración social, que incluírá, se é o caso, compromisos relativos ao desenvolvemento e axuste persoal da persoa beneficiaria.

Ao longo do proceso de intervención profesional obtense toda esta información, non só de entrevistas e visitas domiciliarias, senón do método de observación utilizado polo/a traballador/a social que inclúe tanto aspectos da linguaxe verbal como da analóxica e das actitudes e comportamentos das persoas e familias obxecto da intervención.

En todo caso, os apartados desta área cubriranse cando a persoa sexa maior de 18 anos, excepto naqueles casos nos que:

- Os aspectos “persoais” (considerados nesta área) dos e das menores de 18 teñan incidencia na dinámica grupal-familiar.
- A persoa solicitante/titular do informe ou da prestación de que se trate sexa unha persoa menor que cumpra os requisitos establecidos no Artigo 15. da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Ou no caso dunha persoa menor emancipada legalmente.

En primeiro lugar, inclúese unha táboa na que se identificarán novamente as persoas que integran a unidade de convivencia, a quen se lles asignará unha posición, debendo coincidir sempre P-1 coa persoa solicitante. Téñase en conta que isto é autocopiable, de forma que copiará directamente o nome e apelidos das persoas que se sinalaron na epígrafe III.1, Composición da unidade de convivencia. Os códigos P-1, P-2, P-3...serán os que se utilicen nas distintas epígrafes desta área para referirse ás persoas que integran a unidade de convivencia (exceptuando as menores de 18 anos, agás que se atopen nalgunha das tres situacións antes mencionadas) e valorar cada un dos aspectos considerados mediante a selección dunha das opcións da escala de medición nos correspondentes despregables.

NOME E APELIDOS DAS PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Persoa 1 (P-1)	PERSOA SOLICITANTE
Persoa 2 (P-2)	
Persoa 3 (P-3)	
Persoa 4 (P-4)	
Persoa 5 (P-5)	
Persoa 6 (P-6)	
Persoa 7 (P-7)	
Persoa 8 (P-8)	

Nota: Téñase en conta que os apartados seguintes só deben cubrirse para as persoas maiores de 18 anos, exceptuando algún casos (ver manual)

V.1 COMPETENCIAS E HABILIDADES SOCIAIS

Nesta primeira epígrafe indícase o nivel de competencias e habilidades sociais das persoas da unidade de convivencia. Para cada unha das persoas (P-1, P-2 ...), cubrírase o nivel de desempeño dos distintos tipos de competencias e habilidades, segundo corresponda, a través dunha mesma escala de tres niveis:

- nivel 1; se o desempeño da habilidade en cuestión é adecuado e se pon en práctica;
- nivel 2, se presenta dificultades ou son escasamente desempeñadas;
- nivel 3, se non se manifesta en absoluto o desempeño por parte da persoa.

P-1	Habilidades básicas de interacción e comunicación (1)	
	Asertividade	
	Habilidade para a resolución de conflitos (2)	
	Competencias cognitivas básicas (3)	

De seguido se describen cales son os ítems deste apartado:

- As habilidades básicas de interacción e comunicación son aquelas que se amosan na relación coas demais persoas; por exemplo, a capacidade para formular preguntas, para iniciar e manter unha conversación, para presentarse, dar as grazas, practicar a escoita activa etc. Pódese detectar a través da entrevista e mesmo sen ter que facer preguntas específicas por observación da comunicación verbal e non verbal.
- A asertividade é unha habilidade social das persoas, relacionada co estilo de comunicación. É tamén unha forma de expresión consciente, congruente, clara, directa e equilibrada, cuxa finalidade é comunicar as nosas ideas e sentimentos ou defender os nosos lexítimos dereitos sen a intención de ferir ou prexudicar, actuando desde un estado interior de autoconfianza. Pódese detectar a través da entrevista e mesmo sen ter que facer preguntas específicas.
- A habilidade para a resolución de conflitos é unha variable que pretende medir a capacidade da persoa para manexar situacións de enfado e de enfrontamento, así como para a resolución pacífica de conflitos, para unha actitude negociadora e autocontrol (escoitar, formular preguntas, actitude para negociar, razoar, propoñer alternativas, control dos impulsos...). Pódese detectar a través da entrevista, con probabilidade de ter que realizar preguntas específicas sobre os aspectos mencionados anteriormente.
- Para as competencias cognitivas básicas o/a traballador/a social debe valorar diferentes aspectos como: o nivel de comprensión e expresión da linguaxe, a capacidade de memoria, a capacidade para manter a concentración e a atención, as habilidades de auto-observación, de determinación das necesidades tanto propias como de terceiras persoas, análise realista das situacións e das súas posibilidades de mellora, destrezas para avaliar apoios e recursos dispoñibles, para coñecer e empregar os propios recursos, capacidade para anticipar eventos e realizar previsións etc. Pódese detectar a través da entrevista e mesmo sen ter que facer preguntas específicas.

V.2 DINAMISMOS VITAIS

Os atributos ou variables consideradas como dinamismos vitais son: a autoestima e a autoconfianza, o exercicio de responsabilidade e as actitudes relacionadas coa resiliencia.

P-1	Autoestima, autoconfianza	
	Exercicio de responsabilidade	
	Actitudes relacionadas coa resiliencia	

Para valorar a autoestima e autoconfianza da persoa, optouse pola súa valoración a través dunha escala con tres niveis de gradación:

- nivel 1, cando se considera suficiente e adecuado ese atributo;
- nivel 2, cando presenta dificultades ou é escaso de xeito que deixan a persoa nunha situación de debilidade ou de maior vulnerabilidade;
- nivel 3, cando é inadecuado, ben por exceso ou ben por defecto.

Para esta valoración, en caso de non contar con información suficiente para seleccionar un nivel da escala, a continuación sinálanse algúns indicadores de baixa autoestima que axudarán o/a profesional a valorar o nivel de autoestima e autoconfianza da persoa: a culpa, medos esaxerados, perfeccionismo, crítica de todo o que rodea a persoa, falta de confianza, sentimentos depresivos e de tristeza, non correr riscos....

Para valorar o exercicio das responsabilidades tamén se presenta unha escala de tres niveis para cada persoa da unidade de convivencia.

- nivel 1, asume a súa responsabilidade;
- nivel 2, asúmea só en ocasións;
- nivel 3, non as asume en absoluto.

Por último, sobre as actitudes relacionadas coa resiliencia é importante coñecer antes este concepto. A resiliencia está relacionada coa capacidade da persoa para sobrepoñerse aos contratempos, a períodos de dor emocional, estrés e situacións adversas. Cando unha persoa é capaz de facelo, afírmase que ten unha resiliencia adecuada, que presenta actitudes de resiliencia e pode sobrepoñerse a contratempos ou mesmo resultar fortalecida por estes. As persoas máis resilientes teñen maior equilibrio emocional fronte ás situacións de estrés e soportan mellor a presión. Iso permítelles unha sensación de control fronte os acontecementos e maior capacidade para afrontar retos. Tendo en conta este concepto, a traballadora ou traballador social determinará en que nivel da escala de tres niveis deseñada para esta variable se atopa/n a/s persoa/s: 1.Presenta actitudes de resiliencia. 2.Presenta dificultades. 3.Falta de actitudes de resiliencia.

V.3 DESENVOLVEMENTO PERSOAL, INFORMACIÓN E USO DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS

P-2	Conciencia da situación na que se atopa	
	Motivación para o cambio	
	Información da realidade social e cultural	
	Información e uso dos servizos sociais e outros sistemas de protección social	

Nesta epígrafe, e tamén a través dunha escala con tres niveis de gradación, preténdese medir unha serie de variables respecto da persoa: conciencia da situación na que se atopa, motivación para o cambio, información sobre a realidade social e cultural, e información e uso dos servizos sociais e doutros sistemas de protección social. O método para a cobertura destes datos é idéntico ao das anteriores epígrafes: selección simple nunha escala de medición que se atopa nun despregable.

Convén deterse, non obstante, nos ítems de resposta para a dimensión “información da realidade social e cultural”, que diferenza entre a suficiencia, insuficiencia ou ausencia de información sobre dous aspectos: respecto do seu contorno, por un lado, e en relación aos costumes e comportamentos culturalmente aceptados e rexeitados, por outro. Por iso, cada nivel da escala de tres niveis subdivídese en dous para realizar esa diferenciación de especial relevancia no caso de

persoas estranxeiras, por exemplo para a elaboración de informes de esforzo de integración.

Neste caso o coñecemento do contorno hai que consideralo pola importancia que ten para o acceso e obtención autónoma dos servizos adecuados ás necesidades, problemas e aspiracións da persoa, polo tanto medírase polo coñecemento que teña dos equipamentos e servizos existentes no medio no que se desenvolve (transporte, onde realizar xestións administrativas, bancos, servizos sanitarios, recursos educativos, alimentación...).

A información e uso dos servizos sociais e outros sistemas de protección valorárase en termos de dispoñibilidade de ferramentas habilidades e coñecementos da persoa para beneficiarse de tales recursos, entendidos en sentido amplo.

Como nos outros apartados, inclúese un campo de “observacións” para recoller a información que se considere relevante para esta área.

(A) Procedencia dos ingresos (selección múltiple)

- 01 Rendos do traballo (nómina, activid. profesional...) de carácter continuo.
- 02 Rendos do traballo (nómina, activid. profesional...) de carácter discontinuo.
- 03 Prestación por desemprego.
- 04 Pensión contributiva.
- 05 Pensión non contributiva.
- 06 Prestacións sociais (ingr. que dependen do sistema de protección social público)
- 07 Bens arrendados (urbanos e/ou rústicos).
- 08 Xuros de capital mobiliario.
- 09 Actividades irregulares
- 10 Rede primaria familiar e/ou non familiar
- 11 Pensión compensatoria ou alimentaria a menores
- 12 Outros. Especificar.

O seguinte campo ou variable é o de Previsión, no que se indicará para cada un dos ingresos sinalados no campo anterior se a súa duración é previsiblemente limitada, polo que se consignará o número de meses que restan ata a supresión do ingreso.

No campo Importe/mes especificarase a contía dos ingresos mensuais da persoa, indicando a suma de todos os ingresos da persoa nunha contía mensual. No caso de ingresos discontinuos optarase por calcular unha media, que non recolla ingresos anormalmente elevados pero tampouco os correspondentes a tempadas nas que son moi baixos ou inexistentes.

Inclúese, por último, unha suma total de todos os ingresos mensuais da unidade de convivencia.

En todo caso, é importante ter en conta que a normativa vixente sinala, en relación coa prestación RISGA, que non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen (artigo 17.2 da Lei 10/2013)¹¹:

- a) Os ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia.
- b) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.
- c) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.
- d) Os ingresos de carácter finalista dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.
- e) As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.

VI.1.2 GASTOS MENSUAIS

En segundo lugar recolleranse os datos relativos aos gastos da unidade de convivencia, a través da táboa que se indica.

GASTOS ORDINARIOS		GASTOS EXTRAORDINARIOS (C)(2)(3)	IMPORTE / MES (€)
MENSUAIS (A) (2)	ANUAIS OU NON PERIÓDICOS (B) (2) (3)		

(A) Procedencia dos gastos ordinarios mensuais (selección múltiple)

- 01 Hipoteca / aluguer.
- 02 Gastos comunidade.
- 03 Consumos de luz, auga, gas... (ratear / mes)
- 04 Outros gastos ordinarios mensuais. Especificar.

(B) Procedencia dos gastos ordinarios anuais ou de carácter non periódico (selección múltiple)

- 01 Tributos
- 02 Seguros
- 03 Outros gastos ordinarios anuais ou de carácter non periódico. Especificar.

(C) Procedencia dos gastos extraordinarios (selección múltiple)

- 01 Tratamento médico
- 02 Dentistas
- 03 Axudas técnicas
- 04 Matriculación ensinanza
- 05 Reparación de vivenda e/ou electrodomésticos (revisión caldeira ...)
- 06 Material escolar
- 07 Outros gastos extraordinarios. Especificar

Na parte de Gastos ordinarios indicárase en primeiro lugar a procedencia dos gastos mensuais e introducirase no campo correspondente o código ou códigos de resposta que proceda -dado que é posible a resposta múltiple- da listaxe correspondente. Cando haxa “outros gastos ordinarios mensuais” (código 04), especificárase, ademais da contía, o concepto destes gastos; por exemplo, a tarifa da internet, ou combustible e mantemento de vehículos, no caso do rural etc. Non obstante, en caso de solicitude de prestación RISGA, estes gastos teranse só en conta cando se probe que resulta imprescindible para o proxecto de inclusión social, xa que a RISGA é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles e ten basicamente carácter alimenticio, de cobertura de necesidades básicas (alimentación , vestido, aloxamento).

A continuación indicaranse os gastos extraordinarios da unidade de convivencia e sinalarase a súa procedencia. A listaxe que se inclúe contén os principais códigos de resposta, podendo seleccionarse tantos como gastos se indiquen. Trátase de gastos que non teñen unha periodicidade determinada e que dependen de distintas eventualidades; por exemplo, tratamentos médicos, reparacións de electrodomésticos, material escolar, reparacións do vehículo etc. En canto ao cálculo do seu importe, farase un rateo consistente en dividir a contía total do/s gasto/s extraordinario/a entre 12 meses, xa que a contía total que se consigna é mensual.

VI.1.3 SITUACIÓN PATRIMONIAL (ACTIVOS E DÉBEDAS POR NON PAGAMENTO)

VI.1.3.1) Activos

12 Para a Renda de inclusión social de Galicia computan os bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo os bens móbiles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso (artigo 17.1 b).

(A) Activos (selección múltiple)

- | | |
|--|---|
| 01 Vivenda propia. | 02 Segunda e terceira vivendas. |
| 03 Terreos e prazas de garaxe alleas á vivenda. | 04 Vehículo propio. |
| 05 Segundo e terceiros vehículos. | 06 Legados pendentes de liquidación / usufrutos. |
| 07 Aforros en contas correntes ou inversións a un prazo menor dun ano. | 08 Plan de pensións (indicar prazo recuperación). |
| 09 Inversións financeiras cun prazo superior a un ano. | 10 Outros. Especificar. |

A táboa completárase, como na correspondente aos ingresos, co nome e apelidos dos membros da unidade de convivencia que sexan titulares, neste caso, dalgún tipo de activo.

Antes convén definir os conceptos básicos desta epígrafe e, en primeiro lugar, cómpre indicar que se considera patrimonio o conxunto dos bens e dereitos pertencentes a unha persoa, no caso deste informe, dunha persoa física (non xurídica) membro da unidade de convivencia.

En segundo lugar, o activo patrimonial comprende todos os bens e dereitos dun/ha mesmo/a propietario/a. Baixo esta denominación englóbanse os bens e os dereitos, tanto reais coma de crédito. O patrimonio pode ser inmobiliario (propiedades, vivenda propia) e mobiliario (contas de aforro, depósitos bancarios, plans de pensións, ...).

Xa que logo, na seguinte táboa rexistraranse os distintos activos (bens ou dereitos segundo a definición) cos que conta a/s persoa/s, segundo a listaxe que se achega, así como o seu valor, atendendo ás seguintes indicacións:

- Indicarase o valor líquido ou o valor estimado de mercado, isto é, axustado á realidade.
- No caso de valores patrimoniais procedentes de bens urbanos ou rústicos (terreos, vivendas, prazas de garaxe...) indicarase o valor catastral destes bens (tanto dos arrendados coma dos que están sen arrendar).
- Os posibles arrendamentos destes bens compútanse na táboa de ingresos e aquí tense en conta só o seu valor catastral.

VI.1.3.2) Débedas por non pagamento

TITULAR	CONCEPTO (A) (1)	DÉBEDA TOTAL(€) (2)	XUROS (€) (3)
PERSOA SOLICITANTE			
TOTAL			

(A) Concepto débédas (selección múltiple)

- 01 Non pagamento aluguer. 02 Non pagamento cotas préstamos hipoteca.
03 Non pagamento cotas outras préstamos (persoal, tarxetas de crédito...). 04 Non pagamento de comunidade.
05 Non pagamento de subministracións. 06 Débedas coa Axencia Tributaria e/ou coa Seguridade Social.
07 Outros. Especificar (por exemplo, débedas con outras persoas físicas, ás que se lles piden cartos para pagar débedas contraídas).

A efectos de cobertura deste apartado, consideraranse todos aqueles non pagamentos e débedas dos membros da unidade de convivencia.

Tras indicar o nome e apelidos da/s persoa/s titular/es desas cargas dentro da unidade convivencial, indicárase no campo seguinte o concepto da débeda ou non pagamento que se recoñeza, segundo os códigos da listaxe de categorías que se achega -tantos como os que se declaren- a continuación da táboa

No campo correspondente á “débeda total” introducíranse os importes atendendo ás seguintes indicacións:

- A débeda que se consignará será a cantidade total debida máis os xuros de demora.

- No caso de débedas conxuntas dentro da unidade de convivencia, calcularase a parte proporcional que lle corresponde a cada persoa.
- Seleccionarase o código 07, “outros” nos casos que non se inclúen nas categorías anteriores, por exemplo, as débedas con outras persoas físicas ás que se lles pide cartos para pagar débedas contraídas.

No campo “xuros” indicárase, se houbese e en euros, os xuros de demora acumulados.

VI.1.4. VALORACIÓN XERAL

O bloque relativo á vertente económica da unidade de convivencia finaliza cun apartado de valoración xeral no que a traballadora ou traballador social consignará un dos niveis da escala que aparece no despregable en función dos datos recollidos: por un lado, a valoración da capacidade económica da unidade de convivencia e, por outra, a valoración da organización dos gastos/presuposto. No primeiro caso, a través dunha escala de tres niveis e no segundo a escala consta de catro niveis.

VALORACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA
VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DOS GASTOS/PRESUPOSTO

VI.2 PERSOAS CON OBRIGA LEGAL DE PRESTACIÓN DE ALIMENTOS

Recollelense neste apartado os datos económicos sobre as persoas con obriga legal para prestar alimentos fóra da unidade de convivencia; é dicir, sobre aquelas persoas que se reflicten no apartado III.3. do informe.

Plasmaranse no campo aberto habilitado para tal fin só os datos dos que poida dispoñer o/a profesional e non se incluírán aqueles sobre os que non resulte posible conseguir información desde os servizos sociais comunitarios. Para a súa recollida adaptárase ao mesmo esquema seguido para a unidade de convivencia: ingresos mensuais, gastos mensuais e situación patrimonial (activos e débedas por non pagamento), pero neste caso farase unha descrición resumida no espazo de texto aberto habilitado para tal fin.

Así pois, as táboas de referencia para cubrir os datos económicos relativos ás persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos son as mesmas que no caso anterior, agás en relación aos gastos que nunca serán conxuntos, como si poden ser no caso da unidade de convivencia.

A continuación inclúese outro campo de texto aberto para valorar as posibilidades reais de prestación de alimentos, tendo en conta artigo 16.2 da Lei de Inclusión Social de Galicia, que sinala “...considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos as persoas con parentesco que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente. E, por outro, as situacións nas que se preveña que a obriga dos alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente, e que se debe facer constar na área convivencial familiar, dado que existe unha variable específica para coñecer o tipo de relacións con familiares que teñen obriga de prestar alimentos.

O/a profesional realizará esta valoración a partir dos datos de que dispoña e en caso de non concluír nada ao respecto farao constar (corresponderá a outras instancias realizar as comprobacións oportunas). Referirase tamén neste apartado se a información plasmada nesta epígrafe está debidamente constatada ou se, pola contra, responde a información facilitada pola persoa solicitante, a través dunha declaración responsable. Para constatar, o/a profesional deberá contar cun elemento probatorio de que existen familiares e que poden prestar apoio. Do contrario, sinalaranse os motivos de non constatación.

Sobre todo é importante constatar a existencia destes familiares con obriga (apartado III.3), máis que os datos económicos que, en última instancia, corresponderá ao órgano de valoración. Aínda con todo, resulta fundamental facer constar todo dato/información de que se dispoña nos servizos sociais comunitarios básicos, así como unha primeira valoración a xuízo do/a profesional dos ditos servizos.

Por último, e como nas outras áreas, inclúese un campo de “observacións” para recoller a información que se considere relevante para toda a área económica e/ou de interese en termos de valoración profesional (distribución do orzamento familiar e priorización dos gastos, valoración das débedas...), que non estivesen recollidas nas diferentes táboas da área. É aquí onde se fará constar, se fose o caso, a importancia de traballar coa familia a xestión económica do fogar, como unha das facetas do proxecto de integración social.

VII. ÁREA FORMATIVO-LABORAL

De vital importancia para os informes na área da inclusión, especialmente na perspectiva do deseño de itinerarios de formación-emprego (necesario para acceder ao tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia), é recoller a información de tipo formativo-laboral da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia. Os datos a consignar nesta área constitúe a base da información (que se seguirá completando) necesaria para un futuro diagnóstico de empregabilidade e o convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade.

Aparece novamente a táboa (autocopiabile) identificativa das persoas que integran a unidade de convivencia e así en sucesivos apartados.

VII.1 EDUCACIÓN-FORMACIÓN-CAPACITACIÓN

A primeira epígrafe ten por obxecto recoller información polo miúdo relativa á educación, formación e capacitación das persoas da unidade de convivencia.

VII.1.1 NIVEL DE ESTUDOS

En primeiro termo especificarase o nivel de estudos da persoa. É moi importante diferenciar entre o nivel formativo acadado (é dicir o grao de ensino máis alto que obtivera no sistema educativo español¹³) e os estudos en curso. Estas son as dúas únicas categorías que se contemplan para os dous campos deste apartado: nivel formativo acadado e estudos en curso.

	NIVEL FORMATIVO ACADADO	ESTUDOS EN CURSO	ESTUDOS SEN HOMOLOGAR
P-1			
P-2			

Seleccionarase, por un lado, o código/categoría correspondente ao nivel formativo acadado realmente, premendo no despregable e, por outro, os estudos que eventualmente estea a cursar, tamén marcando a opción que corresponda no segundo despregable. Ambas as dúas listaxes inclúen algunha categoría de resposta que, ademais do código en despregable, precisan que se especifique en texto o tipo de estudo do que se trata: especialidade cando se seleccione algunha categoría relativa á formación profesional (códigos 07 e 08, no despregable), e a titulación cando se seleccionen categorías relacionadas con estudos universitarios (códigos 09 e 10). Nestes casos deberanse consignar, na segunda fila habilitada na táboa para cada unha das persoas, tras sinalar unha categoría de formación/estudos relativa a formación profesional ou estudos universitarios.

De igual xeito, no campo “estudos en curso” e tamén na segunda fila, deberase indicar en texto aberto o nome do centro educativo nos casos en que se marca código 03 ou código 04 e a especialidade no caso de seleccionar os códigos 08, 09 e 10).

Na última columna da táboa consignarase, no caso de que conte con estudos sen homologar, que estudos son estes.

A continuación, recolleranse as posibles situacións de analfabetismo funcional na unidade de convivencia, para o que se deseñou a táboa seguinte:

¹³ Teranse en conta polo tanto os estudos finalizados e que estean homologados pola administración educativa española, de forma que cando os estudos de maior nivel alcanzado se realizen noutro país e estean sen homologar farase constar no campo aberto habilitado na última columna da táboa.

ANALFABETISMO FUNCIONAL (1)

PERSOA (2)	PERSOA	PERSOA	PERSOA	PERSOA
☐	☐	☐	☐	☐

En primeiro lugar, identificarase no primeiro campo (na fila superior) a/s persoa/s da/s que se trate, utilizando os códigos de cada persoa que figuran ao inicio de área (P-1, P-2,...). A continuación marcarase no recadro correspondente que a persoa está nesa situación. Só se fará referencia nesta táboa ás persoas con analfabetismo funcional e sinalarase en cabeceira o código de quen estea nesta situación, de forma que se non se da nesa unidade de convivencia, quedará baleiro e pasarase ao seguinte campo.

Enténdese por analfabetismo funcional a incapacidade da persoa para utilizar a súa capacidade de lectura, escritura e cálculo de forma eficiente nas situacións habituais da vida; por exemplo: cubrir unha solicitude para un posto de traballo, entender un contrato, seguir unhas instrucións escritas, ler un artigo nun diario, interpretar os sinais de tráfico, consultar un dicionario ou entender un folleto cos horarios do autobús. En caso de dúbida, para identificar posible analfabetismo funcional o/a profesional poderá realizar preguntas do tipo: Pode ler e entender sen dificultade un libro ou periódico ou calquera documentación escrita que chegue á súa casa?; É capaz de escribir unha carta, cubrir un impreso...?.

A continuación inclúese outra táboa (VII.1.1.A) para medir o nivel de alfabetización básica. Só se cubrirá no caso de persoas que non saben ou están aprendendo a ler e escribir, ou que saben pero non teñen estudos. O/a profesional deberá completala sempre que no nivel formativo acadado marcarse os códigos 01 ou 02, ou o 01 no campo de estudos en curso.

	PERSOA (1)	PERSOA	PERSOA	PERSOA	PERSOA
Asina					
Le					
Escribe					

De novo, identificarase no primeiro campo (primeira fila) a/s persoa/s da/s que se trate, utilizando os códigos de cada persoa que figuran ao inicio de área (P-1, P-2,...). A continuación indicarse se sabe asinar, se sabe ler ou se tamén escribe. Para iso empregaranse os seguintes códigos de resposta:

- 01. Si
- 02. Con dificultade
- 03. Non

De seguido, inclúese outra táboa que só se cubrirá para as persoas de 16 anos de idade ou menos que estean escolarizadas. O número de identificación dos/as menores coincidiría co número adxudicado na epígrafe "III.4. Menores na unidade convivencial" e hai ata cinco filas para sinalar desde o Menor 1 ao Menor 5.

VII.1.1.B. SÓ PARA PERSOAS ESCOLARIZADAS DE 16 ANOS DE IDADE OU MENOS (1)**MENOR 1**

Rendemento escolar	
Absentismo escolar	
Integración escolar	

MENOR 2

Rendemento escolar	
Absentismo escolar	
Integración escolar	

Son tres as variables obxecto de valoración segundo a información dispoñible: o rendemento escolar, o absentismo escolar e a integración escolar. Indicarase nos correspondentes campos a través da selección dunha única categoría/código nos despregables de cada variable, onde aparecen as categorías ben especificadas sen que presenten dúbidas. A escala de valoración é de tres niveis para as dúas primeiras variables e de cinco na terceira variable. Son as que a continuación se reflicten:

Para deixar constancia desta información son moi importantes os datos que facilite o propio centro escolar, ademais da que se poida recompilar na entrevista coa persoa solicitante ou persoa responsable do/a menor e na visita domiciliaria.

En relación ao rendemento escolar ofrécense unhas orientacións que se terán en conta. Para valorar ou afirmar que hai dificultades leves ou graves de aprendizaxe consideraranse aspectos como:

- a atención: concentración, dispersión...;
- a emotividade: desaxustes emocionais, escasa autoafirmación...;
- a memoria: dificultades de fixación;
- a percepción: reprodución de formas xeométricas, figura-fondo etc.

Ademais destes factores e do escaso/falta de interese e motivación existen outros elementos que poden afectar negativamente ao rendemento escolar:

- a saúde: tratamentos médicos prolongados, rehabilitación, hospitalizacións, convalecencias;
- as dificultades de accesibilidade dos centros escolares;
- o medio socio cultural desfavorecido: diversidade étnica, cultural, zonas degradadas...;
- Problemas de adaptación do alumnado procedente doutros lugares ao programa educativo: nivel académico, titulacións...

VII.1.2. OUTRA FORMACIÓN

Ademais da formación regrada, é moi importante recadar información o máis completa posible sobre outra formación non regrada ou formación complementaria, como a formación para o emprego, competencias clave, preformación (inclúe cursos de hábitos saudables, de habilidades sociais; actividades prelaborais: prácticas profesionais non laborais....) e outras.

Identifícaranse as persoas que dispoñan deste tipo de formación (e só estas) respectando os mesmos códigos que figuran ao inicio de área (P-1, P-2...).

(2)	NOME ACCIÓN FORMATIVA	HORAS LECTIVAS	ENTIDADE FORMADORA	ESTADO
P-				

Escribírase o nome completo da acción formativa no campo de texto aberto, seguido do número de horas lectivas e do nome da entidade formadora.

No caso de persoas estranxeiras en España, a cobertura desta táboa é imprescindible, de maneira que o número de horas lectivas e a identificación da entidade formadora debe constar sempre.

No último campo da táboa, "Estado", seleccionárase, no despregable, se a acción formativa finalizou (categoría 01) ou se está en curso (categoría 02).

En relación con isto, a continuación cubrirase para cada unha das persoas con outro tipo de formación-, a eventual existencia de certificado de profesionalidade, seleccionando a opción correspondente no desplegable. En caso afirmativo, indicárase cal (ou cales) é o certificado de profesionalidade no campo de texto aberto que figura a continuación do desplegable. Así mesmo, deixarase constancia da/s persoa/s da/s que se trate, utilizando os códigos que figuran ao inicio de área (P-1, P-2...), e que neste caso concreto coincidirían coas que figuran na táboa anterior (de accións formativas).

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE (2)

P-		
P-		
P-		
P-		
P-		

VII.1.3. ACCESO, COÑECEMENTO E USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Na táboa seguinte do informe rexistrárase información relativa ao acceso, grao de coñecemento e uso en materia de novas tecnoloxías.

	ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	COÑECEMENTO E MANEXO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS	
		INTERNET/CORREO-E	OFIMÁTICA A NIVEL USUARIO
P-			
P-			
P-			
P-			
P-			
P-			
P-			
P-			

En primeiro termo, marcarase a categoría que corresponda no desplegable relativo ao acceso ás novas tecnoloxías (NNTT):

- 01 *Ten fácil acceso: ten internet no domicilio, equipo e boa conexión.*
- 02 *Algunha dificultade de acceso: non ten internet nin equipo no domicilio pero si no contorno máis próximo*
- 03 *Posibilidade de acceso (zona rural sen recursos tecnolóxicos accesibles).*

En canto ao grao de coñecemento e manexo das NNTT, diferenciarase entre o coñecemento e manexo da internet/correo electrónico e o de ofimática a nivel usuario. Utilizaranse as posibilidades de resposta do desplegable correspondente, que indican o nivel de manexo e utilización e, en caso afirmativo, a existencia ou non de acreditación desas competencias.

- 01.01. *Manexa, utiliza e conta con acreditación*
- 01.02. *Manexa, utiliza e NON ten acreditación*
- 02. *Insuficiente coñecemento do manexo e escasa utilización*
- 03. *Descoñecemento e non utilización*

VII.1.4. COÑECEMENTO DE IDIOMAS

A táboa de coñecemento de idiomas non presenta ningún tipo de dificultade. Sinalarase cal é a lingua materna, o nivel de coñecemento oral e escrito de galego e castelán, (e ambos os dous casos a elixir nunha escala de tres niveis: baixo, medio, alto) e o eventual coñecemento doutros idiomas (que se especificarán escribindo o nome do idioma nun campo aberto), o nivel oral e escrito (coa mesma escala de tres niveis) e, no seu caso, se existe acreditación, indicando cal é esta no espazo de texto aberto habilitado na última columna, despois de seleccionar no despregable a categorías correspondente (afirmativa)

Antes é preciso identificar a que persoas se refire a través dos códigos que figuran ao inicio de área (P-1, P-2...)

	IDIOMAS	LINGUA MATERNA	NIVEL ORAL	NIVEL ESCRITO	ACREDITACIÓN
P-1	Galego	☐			
	Castelán	☐			
	Outros. Especificar:	☐			
	Outros. Especificar:	☐			
P-2	Galego	☐			
	Castelán	☐			
	Outros. Especificar:	☐			
	Outros. Especificar:	☐			

VII.2 LABORAL-RECURSOS PERSOAIS PARA O EMPREGO

A correcta cobertura desta epígrafe é fundamental, principalmente na perspectiva da inserción das persoas usuarias no mercado laboral, pero tamén para realizar unha valoración global da unidade de convivencia en termos de exclusión/inclusión.

O primeiro campo é a situación en relación coa actividade económica¹⁴, para o que se despregará unha listaxe con categorías/códigos e subcategorías/subcódigos que identificarán en detalle a situación de cada unha das persoas que forman a unidade convivencial, ata un total de oito categorías de resposta (ocupado/a, parado/a en busca de primeiro emprego, parado/a...), que aparecen no primeiro despregable, e que á súa vez se dividen noutras subcategorías, dispoñibles no seguinte despregable, identificados con dous códigos, o primeiro correspóndese coa categoría do primeiro despregable ao que fai referencia. Para contar cunha visión clara das categorías que figuran nos dous despregables, inclúese a continuación toda a listaxe; cun só código e en negriña as categorías do primeiro despregable e con dous códigos as do segundo despregable. Marcaranse sempre nos dous despregables habilitados para cada persoa da unidade convivencial.

¹⁴ A categorización da situación en relación coa actividade económica está tomada do SIUSS, con algunhas leves adaptacións.

01 Ocupado/a		
01.01	Empresario/a, profesional ou traballador/a por conta propia que emprega persoal	01.02 Empresario/a, profesional ou traballador/a por conta propia que non emprega persoal
01.03	Membro de cooperativa de traballo asociado que traballa nesta	01.04 Persoa que traballa sen remuneración regulamentada na empresa ou negocio dun familiar co que convive
01.05	Persoa que traballa con carácter fixo, a soldo, comisión, xornal ou outra clase de remuneración	01.06 Persoa que traballa con carácter eventual ou temporal a soldo, xornal ou outra clase de remuneración
02 Parado/a que busca o primeiro emprego		
03 Parado/a		
03.01	En situación de desemprego menos de 6 meses	03.02 En situación de desemprego de 6 a 12 meses
03.03	En situación de desemprego de máis dun ano e ata 3 anos	03.04 En situación de desemprego de mais de 3 anos e ata 5 anos
03.05	En situación de desemprego máis de 5 anos.	
04 Xubilado/a ou pensionista		
04.01	Pensionista de invalidez total	04.02 Pensionista de invalidez absoluta
04.03	Pensionista de grande invalidez	04.04 Pensionista de xubilación
04.05	Pensionista de viuvez	04.06 Pensionista de orfandade
04.07	Pensión en favor doutros familiares	04.08 Pensión non contributiva por invalidez
04.09	Pensión non contributiva por xubilación	
05 Incapacidade permanente para traballar, sen pensión		
06 Estudante, escolar ou preescolar		
07 Labores do fogar (non remuneradas)		
08 Outra situación		
08.01	Menores non escolarizados	08.02 Rendista
08.03	Persoa retirada sen pensión	08.04 Beneficiario/a doutras prestacións ec. (RMI, IMI, Salario Social...)
08.05	Baixa por enfermidade (máis de 6 meses)	08.06 En situación irregular.
08.07	Outras situacións: especificar (centro especial de emprego, emprego con apoio, en programas de formación para o emprego...)	

O segundo campo, a ocupación, cubrirase tamén para todas as persoas da unidade de convivencia, a través dunha listaxe con 17 categorías de resposta¹⁵ que cubre todas as posibles situacións, incluídos os casos en que non se ten ningunha ocupación (categoría 01) ou nos que non é aplicable porque a persoa non é susceptible de ter ocupación relacionada co mundo laboral (categoría 17).

CATEGORIAS: Ocupación

01	Ningunha	02	Directivo/a de empresas
03	Técnico/a de empresas	04	Empregado/a público/a
05	Empregado/a administrativo/a de empresas privadas	06	Persoa traballadora de servizos
07	Persoa traballadora da industria	08	Persoa traballadora da agricultura e gandería
09	Persoa traballadora da pesca	10	Persoa traballadora da minería
11	Persoa traballadora da construción	12	Persoa traballadora das forzas armadas
13	Persoa traballadora ambulante	14	Profesións non clasificadas no sistema
15	Ocupación irregular (economía mergullada e outras situacións irregulares)	16	Ocupacións liberais
17	Non aplicable (cando a persoa non sexa susceptible de ter ocupación relacionada co mundo laboral, por exemplo, menor de 16 anos ou pertencer ao colectivo de persoas xubiladas, labores do fogar e persoas incapacitadas)		

Catro dos códigos/categorías do despregable da variable "ocupación" requiren de matización:

- Ningunha (código 01): persoa que está en idade laboral e non ten unha ocupación determinada (parada).
- Profesións non clasificadas no sistema (código 14): ocupacións que non poden rexistrarse nalguna das categorías contempladas.
- Ocupación irregular (código 15): ocupación que se produce no ámbito da economía mergullada ou outras situacións irregulares.
- Non aplicable (código 17): consignarase cando a persoa non sexa susceptible de ter ocupación relacionada co mundo laboral, por exemplo, ser menor da idade laboral ou pertencer ao colectivo de persoas xubiladas, labores do fogar, persoas con modificación da súa capacidade.

¹⁵ Extraídas do SIUSS (Manual SIUSS V.5.)

A continuación recollerase información sobre a experiencia laboral-profesional. Esta táboa só se cubrirá para as persoas con experiencia, identificándoas co correspondente código, previamente indicado ao inicio de área (P-1, P-2...).

Comezase por indicar co código/categoría que corresponda o sector da actividade (elixirase aquel no que teña máis experiencia), o tempo de experiencia e as condicións contractuais (neste último caso elixirase a opción predominante na vida laboral da persoa). Cómpre ter en conta que para o sector de actividade existe a posibilidade de especificar o sector nun campo de texto aberto (categoría 06, outros), xustamente na celdiña que está por debaixo do despregable. O resto de categorías figuran en despregables sen que supoñan ningunha dificultade de selección.

EXPERIENCIA LABORAL-PROFESIONAL (1)			
	SECTOR DE ACTIVIDADE (3)	TEMPO DE EXPERIENCIA	CONDICIÓNS CONTRACTUAIS (4)
P-			
P-			

As categorías que aparecen en despregable son as seguintes:

CATEGORIAS: Sector de actividade

01 Agricultura	02 Industria	03 Administración
04 Construción	05 Servizos	06 Outros. Especificar.

CATEGORIAS: Tempo de experiencia

01 Ata seis meses	02 Máis de 6 meses e ata 1 ano	03 Máis de un ano e ata 3 anos
04 Máis de 3 anos e ata 5 anos	05 Máis de 5 anos	

CATEGORIAS: Condicións contractuais

01 Con contrato	02 Autoemprego	03 Economía mergullada
-----------------	----------------	------------------------

En definitiva, a idea é reflectir un balance xeral da experiencia profesional da persoa, sen ter que detallar todos e cada un dos postos ocupados/traballos realizados, pois non é obxectivo do modelo de informe social para a área da inclusión contemplar o currículo da persoa, pero si deixar constancia minimamente das características da experiencia laboral-profesional en caso de habela.

A continuación inclúese unha táboa (VII.2.a.) que só se cubrirá para as persoas ocupadas. Estas identificaranse co seu código correspondente (P-1, P-2...), e coincidirá co rexistrado ao principio de área. Nela indicase, en primeiro lugar, cal é a previsión de mantemento do emprego, segundo a listaxe de categorías que se despregará (ata un total de catro). De seguido, completase con información sobre as condicións laborais, nun campo de carácter aberto para que a/o profesional reflecta información sobre o tipo de contrato, o tipo de xornada laboral (parcial, completa), horas de traballo (as reflectidas no contrato, máis horas das reflectidas no contrato, menos horas das reflectidas no contrato...), salario (correspondese ou non co reflectido no contrato/nómina), as condicións (precario, economía mergullada...), grao de satisfacción (axústase ás súas capacidades, aos seus gustos, aos seus obxectivos), asume os seus compromisos e responsabilidades laborais...

VII.2.A. SÓ PARA PERSOAS OCUPADAS

(1)	PREVISIÓN PARA MANTER O EMPREGO	CONDICIÓNS LABORAIS (2)
P-		
P-		

Na seguinte táboa (VII.2.b.) recollerase información só para as persoas en situación de desemprego, que se identificarán debidamente co seu código correspondente (P-1, P-2...) e que deberá coincidir co que se rexistrou ao principio desta área.

VII.2.B. SÓ PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

	COÑECEMENTO DO MERCADO LABORAL	HABILIDADES PARA A BUSCA DE EMPREGO (2)	ACTITUDE E MOTIVACIÓN ANTE A BUSCA DE EMPREGO
P-			
P-			

En primeiro lugar reflectirase o nivel de coñecemento da persoa sobre o mercado laboral, de entre as tres categorías que se achegan no despregable. Valoraranse tamén as habilidades para a busca de emprego, entendendo por estas a capacidade de toma de decisión ou iniciativa, a comunicación, planificación etc., e poder determinar así, se precisa de apoios, seleccionando un dos tres niveis da escala que figura en despregable (01. Adecuadas; 02. Escasas e precisa apoios; 03. Inadecuadas/insuficientes).

Por último, describirase a actitude e motivación da persoa perante a busca de emprego: se é activa e os medios que utiliza (neste caso de resposta múltiple), ou se pola contra é pasiva ou se precisa apoio para a busca. Para cubrir esta variable, aparece un primeiro despregable con tres categorías (01 activa; 02 pasiva; 03 precisa apoio na busca), de xeito que en caso de seleccionar a categoría 01 activa, deberase consignar nas caixas que están inmediatamente por debaixo desta primeira, de que maneira procede á busca de emprego e seleccionarse no despregable tantas veces como formas de busca activa de emprego presente, podendo sinalar ata un total de cinco:

- 01.01 *Acode a amizades e rede social para a busca*
- 01.02 *Accede a ofertas por internet e prensa*
- 01.03 *Preocúpase por coñecer o contorno e as súas demandas*
- 01.04 *Entrega curriculum na zona*
- 01.05 *Anotado/a en entidades/organismos dedicados á orientación/inserción laboral*

Como no resto de áreas do informe, esta tamén finaliza cunha sección de “Observacións” para engadir a información que se considere conveniente, como por exemplo datos de interese sobre a evolución da persoa nos aspectos formativos e laborais ata chegar ao momento no que se elabora o informe.

VIII. ÁREA DE SAÚDE E SOCIO SANITARIA

Esta área consta dun primeiro apartado relativo aos datos básicos sanitarios, que se cubrirán en todos os casos. Non obstante, a partir de aquí inclúense datos respecto da situación da saúde das persoas da unidade de convivencia que serán obxecto de cobertura só no suposto de que a persoa solicitante ou algún membro da unidade de convivencia teña problema/s relacionado/s coa saúde e se resultase relevante para o caso. Deste xeito, se se seleccionase para todas as persoas o código 01 ("ningunha") na variable "existencia de discapacidade/enfermidade", non se continuaría cubrindo información nesta área e pasaríase á seguinte. Ou mesmo cando habendo algún problema de saúde este non implique dificultades na unidade de convivencia.

VIII.1 DATOS BÁSICOS SANITARIOS

En primeiro lugar, recolleranse os datos básicos sanitarios da/s persoa/s: a cobertura sanitaria, indicando o código/categoría que corresponda da listaxe que se xunta ou en despregables. Seleccionarase unha única opción, de forma que nos casos en que se conte con máis dunha forma de cobertura, elixirase a principal.

	COBERTURA SANITARIA		ASISTENCIA SANITARIA DA SEGURIDADE SOCIAL
P-1			
P-2			
P-3			
P-4			
P-5			
P-6			
P-7			
P-8			

CATEGORIAS: Cobertura sanitaria

01 Seguridade social. 02 MUFACE 03 ISFAS 04 Privada 05 Outros. Especificar

CATEGORIAS: Asistencia sanitaria da Seguridade Social

01 Conta coa tarxeta sanitaria e ten garantidas todas as prestacións 02 Solicitud en trámite, con expectativa de resolución positiva
03 No é beneficiaria, só ten garantida a atención en caso de urxencia

Se se considerase necesario, pola importancia que poida ter para os efectos da solicitude obxecto do informe, explicaríanse no campo aberto de observacións posibles situacións como, por exemplo, que se teña cobertura da Seguridade Social e, ademais, un seguro privado.

No campo de asistencia sanitaria da Seguridade Social indicárase se ten tarxeta sanitaria e se ten garantidas todas as prestacións; ou se, pola contra, non é beneficiaria e só ten garantida a atención en caso de urxencia (caso dos/as inmigrantes sen permiso de residencia); ou se a súa solicitude está en trámite con expectativa de resolución positiva, atribuíndo o código de resposta que corresponda.

VIII.2 SITUACIÓN DA SAÚDE

Nesta segunda epígrafe recollerase información relevante sobre o estado de saúde da persoa solicitante e do resto de integrantes da unidade de convivencia.

	AUTOPERCEPCIÓN DO ESTADO SAÚDE (1)	EXISTENCIA DE DISCAPACIDADE/ENFERMIDADE	
P-1			
P-2			

En primeiro lugar, coñecerase a autopercepción do estado de saúde individual (é dicir, como a persoa autovalora o seu propio estado de saúde), a través dunha sinxela escala de valoración de tres graos (boa, regular ou mala).

A existencia de discapacidade ou enfermidade é a segunda variable que se debe rexistrar. Para iso, desprégase unha listaxe con distintas categorías de resposta, de marcación simple, polo que se elixirá unha soa opción. No caso de contar con diferentes problemas de saúde (enfermidades ou discapacidades), elixírase a categoría 11 (Plurideficiencia: máis dunha das situacións anteriores, sen que exista dominio dunha sobre outra) e detallarase en que consiste no campo aberto “diagnóstico médico”. Cando o problema non figure nesa listaxe de categorías, seleccionárase o código “12. Outras”, e especificarase o problema de saúde na casíña de campo aberto que hai a continuación. O código 01 marcarase no suposto de que non exista problema de saúde¹⁶.

A continuación detállanse as categorías de ambas as dúas variables que aparecen en despregable para un total de oito persoas.

CATEGORÍAS: Autopercepción do estado de saúde individual

01 Boa 02 Regular 03 Mala

CATEGORÍAS: Existencia de discapacidade/enfermidade (selección múltiple)

01 Ningunha 02 Discapacidade física 03 Discapacidade intelectual
 04 Discapacidade sensorial visual 05 Discapacidade sensorial auditiva 06 Discapacidade sensorial da linguaxe
 07 Enfermidade mental 08 Enfermidade física 09 Enfermidade rara
 10 Abuso de drogas e/ou alcohol 11 Plurideficiencia: máis dunha das situacións anteriores, sen que exista un dominio dunha sobre a outra
 12 Outras. Especificar

As seguintes dúas táboas completaranse só nos casos nos que exista algún tipo de enfermidade ou discapacidade, isto é, cando previamente se teña rexistrado no campo de existencia de enfermidade/discapacidade algún dos códigos comprendidos entre o 02 e o 12.

(1)	DIAGNÓSTICO MÉDICO	PROGNÓSTICO MÉDICO
P-		

A primeira táboa conta con dous campos abertos, nos que se incluírá para cada persoa unha descrición do diagnóstico médico e do prognóstico da doenza/discapacidade. O diagnóstico médico é o procedemento polo cal se identifica unha enfermidade, síndrome ou calquera condición de saúde-enfermidade. O prognóstico médico pode definirse como un

¹⁶ A categorización desta variable é o resultado dunha adaptación da que se contempla no SIUSS (Manual SIUSS V.5.): substituíuse o termo “diminución” por “discapacidade”, e adoptouse a tipoloxía de discapacidade segundo o censo de persoas con discapacidade de Galicia. Ademais engadíronse novas categorías.

conxunto de datos que posúe a ciencia médica sobre a probabilidade de que acontezan determinadas situacións no transcurso do tempo ou historia natural da enfermidade; é a predición dos sucesos que acontecerán no desenvolvemento dunha enfermidade en termos estatísticos, un tipo de xuízo clínico.

Para proceder á cobertura destes datos o/a profesional deberá dispoñer de información precisa, ben a través de informes dos e das profesionais competentes na materia (informes médicos), ben a través de entrevista co persoal médico (indicar debidamente no apartado de “Fontes de información e metodoloxía utilizada para a elaboración deste informe”).

A segunda é unha táboa relativa ao grao de afectación pola enfermidade, en dobre perspectiva: dunha banda, en canto afectación para o desenvolvemento da vida cotiá da persoa; doutra, para o desenvolvemento da súa actividade laboral, sen que as categorías de resposta das respectivas listaxes precisen ser explicadas. Respecto desta última variable, sinalárase a categoría correspondente ao código 04 (“Non procede”) no caso de persoas que non se atopan en idade laboral, ou que nunca traballaron... como ocorre con persoas xubiladas, persoas menores de 16 anos etc.

(1)	AFECTACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DA VIDA COTIÁ	O ESTADO DE SAÚDE DIFICULTA A SÚA ACTIVIDADE LABORAL
P-		
P-		

CATEGORIAS: (A) *Afectación ao desenvolvemento da vida cotiá*

- 01 *Sen dificultades que afecten ao desenvolvemento da súa vida cotiá*
 02 *Ten dificultades que afectan ao desenvolvemento da súa vida cotiá.*
 03 *Ten dificultades que afectan gravemente ao desenvolvemento da súa vida cotiá.*

CATEGORIAS: (B) *O estado de saúde dificulta a súa actividade laboral*

- 01 *Non* 02 *Si, para certas actividades* 03 *Si, para a maioría ou para todas as actividades*
 04 *Non procede (menores de 16 anos, persoas xubiladas ou que nunca traballaron....)*

Tanto nunha táboa como noutra identificaranse en filas as persoas que se atopan nesta situación, a través dos códigos P-1 a P-8, presentados ao inicio de área.

VIII.3 ATENCIÓN SANITARIA E TRATAMENTO

Recórdese que seguirá cubrindo esta área no caso de existencia de problemas de saúde relevantes na unidade de convivencia.

(1)	NECESIDADE DE ATENCIÓN SANITARIA	NECESIDADE DE TRATAMENTO	SEGUIMENTO DO TRATAMENTO PRESCRITO
P-			
P-			

CATEGORIAS: *Necesidade de atención sanitaria*

- 01 *Atención primaria preventiva ou de resposta a episodios puntuais. Non afectan ao desenvolvemento da vida cotiá.*
 02 *Precisa seguimento:*
 03 *Precisa atención continuada:*
 03.01 *Hospitalización.*
 03.02 *Convalecencia no fogar*
 03.03 *Necesidade de cuidados paliativos.*

CATEGORIAS: *Necesidade de tratamento*

- 01 *Sen tratamentos continuados.* 02 *Tratamentos continuados.* 03 *Tratamento continuado e supervisión.*

CATEGORIAS: *Seguimento do tratamento prescrito*

- 01 *Segue o tratamento* 02 *Segue o tratamento con dificultades ou sen constancia* 03 *Non segue tratamento*

Concretamente neste subapartado recollerase información sobre a atención sanitaria e o tratamento que recibe a persoa. A primeira das variables, a necesidade de atención sanitaria, completárase segundo as categorías da listaxe correspondente, na que se recolle se a atención é primaria e só preventiva ou de resposta a episodios puntuais, sen que exista afectación do desenvolvemento da vida cotiá; ou se, pola contra, precisa seguimento; ou atención continuada, para a que se facilitan uns subcódigos indicativos de hospitalización, convalecencia no fogar ou necesidade de coidados paliativos.

Indicarase a continuación se existe necesidade de tratamento elixindo a categoría de resposta entre as tres opcións que se facilitan no despregable (01.Sen tratamentos continuados; 02. Tratamento continuados; 03.Tratamento continuado e supervisión). Neste caso téñase en conta que os tratamentos continuados, con ou sen supervisión, poden incluír diferentes modalidades (saúde física: farmacolóxico, rehabilitación...; tratamento psiquiátrico/psicolóxico; tratamento deshabitación), que se poden facer constar, se se consideran relevante, no campo de observacións.

Por último, indicarase se a persoa segue o tratamento prescrito, a través da escala de tres niveis que se presenta nesta variable, e que NON se cubrirá no caso de que non precise de tratamentos continuados (categoría/código 01 na variable anterior).

VIII.4 DISCAPACIDADE, DEPENDENCIA, INCAPACIDADE E ADICCIÓNS

Os datos deste apartado teñen por obxecto completar a información sobre a situación de discapacidade, o grao de dependencia, a eventual incapacidade laboral e sobre posibles condutas aditivas. Cubrirase só para aquelas persoas da unidade de convivencia que se atopen nalgunha das situacións referidas e identifícaranse no espazo habilitado (detrás de cada P-), co mesmo código co que se identifican as persoas da unidade de convivencia ao inicio de área.

P-

RECOÑECIMENTO DE DISCAPACIDADE		%		
VALORACIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA				
SITUACIÓN DE INCAPACIDADE LABORAL			Data	
CONDUTAS ADICTIVAS				

Para indicar se hai discapacidade recoñecida empregárase a listaxe de categorías/códigos que se axunta (despregable) e que ofrece as seguintes posibilidades de resposta:

- Resposta afirmativa, polo que ademais do código 01 deberá indicarse a continuación o grao en porcentaxe e na casíña seguinte se é revisable ou definitiva.
- Se se atopa en trámite ou revisión.
- Se non ten recoñecida a discapacidade, despréganse outras dúas categorías con dous subcódigos (no último despregable que hai na liña da táboa correspondente ao recoñecemento de discapacidade): 03.01: Ten unha discapacidade pero non se recoñece porque non cumpre os requisitos administrativos; 03.02: ten unha discapacidade pero non quere ser valorada.

De xeito semellante, para a valoración da situación de dependencia ofrece outras tres posibles opcións de resposta:

- Que si teña a valoración; neste caso consignárase o grao (I, II, III) na seguinte cela.
- Que se atope en trámite ou revisión.
- Que non estea recoñecida, en cuxo caso despréganse outras dúas categorías con dous subcódigos (no último despregable que hai na liña da táboa correspondente ao recoñecemento de discapacidade): 03.01: non se recoñece porque non cumpre os requisitos administrativos; 03.02: non quere ser valorada.

Para a valoración da situación de incapacidade laboral, desprégase tamén unha listaxe de categorías de resposta para diferenciar entre:

- Non presenta incapacidade laboral.
- Presenta incapacidade temporal (IT). Neste caso sinalarase no campo “data” a data do primeiro parte médico.
- Presenta incapacidade permanente. Indicarase en primeiro lugar o subcódigo que corresponda segundo o tipo de incapacidade permanente que teña recoñecida (despregable) e a continuación indicarse se é revisable ou definitiva, así como a data, neste caso, da resolución administrativa.

CATEGORIAS: Situación de incapacidade laboral

- 01 Non presenta incapacidade laboral.
 02 Presenta incapacidade temporal (IT).
 03 Presenta incapacidade permanente.
 03.01 Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual.
 03.02 Incapacidade permanente total para a profesión habitual.
 03.02.01 Incapacidade permanente total cualificada
 03.03 Presenta incapacidade permanente absoluta para todo traballo.
 03.04 Presenta gran invalidez.

Indicarase nun último campo se existen condutas aditivas, incorporando simplemente a categoría/código de resposta que corresponda segundo a listaxe que se desprega neste espazo.

CATEGORIAS: (D) Condutas aditivas

- 01 Non presenta condutas aditivas
 02 Ten algunha conduta aditiva, pero non lle supón deterioro ou malestar.
 03 Presenta condutas aditivas que lle xera certas dificultades.
 04 Presenta condutas aditivas que lle xeran dependencia.

No caso de presentar condutas aditivas que xeran dificultades ou dependencia, isto é, se se marcou o código 03 ou 04 no campo de “condutas aditivas”, procederase a cubrir a seguinte táboa, de acordo coas seguintes instrucións:

- En primeiro lugar sinalarase no campo correspondente (columna) o nome ou o código da/s persoa/s na dita situación (P-1, P-2, P-3..).
- Indicarase a continuación en campo de texto aberto o tipo de adición.
- As seguintes variables: recoñecemento da adición ou adscrición a comunidade terapéutica, unidade de día ou programa de deshabitación só se marcarán premendo sobre o recadro correspondente en caso de resposta afirmativa; do contrario, deixarase baleiro.

SÓ NO CASO DE PRESENTAR CONDUTAS ADICTIVAS QUE LLE XERAN DIFICULTADES
 (códigos 03 e 04 no indicador de condutas adictivas)

	PERSOA (1)	PERSOA	PERSOA	PERSOA	PERSOA
Indicar tipo de adición (campo de texto aberto)					
Recoñece a adición (2)	☐	☐	☐	☐	☐
Adscrito/a á comunidade terapéutica, unidade de día ou programa de deshabitación (2)	☐	☐	☐	☐	☐

VIII.5 VALORACIÓN XERAL DA XESTIÓN DA SAÚDE DENTRO DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Esta epígrafe pecha a recollida de información sobre a área vital relacionada coa saúde. Interesa, pois, que a/o profesional emita unha valoración cualitativa acerca de como é a xestión da saúde dentro da unidade de convivencia.

Para iso, seleccionará a opción que mellor defina a unidade de convivencia neste sentido. Ofrécese unha serie de catro ítems de resposta que veñen a graduar o nivel de xestión e atención do problema de saúde, desde o punto de vista da necesidade de apoio dun axente externo e con relación a distintos aspectos como o cumprimento das revisións periódicas, das prescricións e recomendacións médicas ou da toma da medicación.

Marcar a opción que mellor defina a unidade de convivencia:

- ☐ En xeral, hai unha xestión axeitada da saúde das persoas que integran a unidade convivencial, tramitan de maneira autónoma as citas médicas e revisións periódicas, e acátanse sempre as prescricións e recomendacións médicas.
- ☐ En xeral, hai unha xestión aceptable da saúde das persoas que integran a unidade convivencial. Acátanse as prescricións e recomendacións médicas, pero non se cumpren de maneira estable e habitual sen o apoio dun axente externo.
- ☐ En xeral, a xestión da saúde das persoas da unidade convivencial é deficiente e inestable. Non acoden ao centro sanitario nin aceptan a responsabilidade de seguir as recomendacións e prescricións médicas. Non obstante, aceptan a toma da medicación e acudir ao médico, por suxestións do axente externo.
- ☐ A xestión da saúde das persoas que integran a unidade convivencial é moi deficiente, con comportamentos que entrañan certo risco para o seu benestar; non acode ao centro sanitario, nin acepta tomar medicación.

Finalmente, como é habitual nas distintas áreas do ISI, engádese un apartado de “Observacións” para indicar os aspectos que se consideren de interese en termos de valoración profesional e/ou información significativa non recollida anteriormente sobre a área de saúde e sociosanitaria. Por exemplo, en referencia a posibles riscos de cronificación da enfermidade por ausencia de rede de apoio, por illamento xeográfico ou escasa accesibilidade aos recursos; como vive a persoa, familiares e o contorno a situación de saúde da persoa; se hai ou non discriminación encuberta por razón de enfermidade ou discapacidade; situación de saúde agravada polas condicións económicas e/ou da vivenda etc.

IX. ÁREA SOCIAL E RELACIONAL

A última área do informe pretende recoller información da vida da persoa solicitante e da unidade de convivencia en varias dimensións, a saber: a existencia de redes de apoio social, a convivencia cotiá comunitaria e a aceptación social, a participación na sociedade e a realización de actividades de lecer.

Trátase dun apartado de carácter máis “cualitativo”, en tanto que o/a profesional valorará a posición da/s persoa/s nestes ámbitos a través de escalas de varios ítems para obter unha valoración o máis completa posible deste conxunto de dimensións. Hai que indicar, ademais, que esta información pode ser particularmente relevante nos supostos de persoas estranxeiras procedentes de países culturalmente máis diverxentes, así como no caso de membros da comunidade xitana.

En todo caso, os apartados desta área cubriranse cando a persoa sexa maior de 18 anos, excepto naqueles casos nos que:

- Os aspectos sociais e relacionais dos e das menores de 18 teñan incidencia na dinámica grupal-familiar.
- Cando a persoa solicitante/titular do informe ou da prestación de que se trate sexa unha persoa menor que cumpra os requisitos establecidos no Artigo 15. da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Ou no caso dunha persoa menor emancipada legalmente.

Como en anteriores áreas vitais, aparecen identificadas nunha primeira táboa con nome e apelidos os membros da unidade de convivencia, aos que se lles asignará unha posición, e coincidirá sempre P-1 coa persoa solicitante (recórdese que é autocopiable).

IX.1. APOIO SOCIAL

Esta sección ten como obxectivo rexistrar información sobre a rede de apoio social da persoa solicitante (identificada sempre como P-1) e do resto de membros da unidade de convivencia. Para iso deseñouse a táboa que se presenta a continuación seguida dalgúñas pautas para a súa cobertura.

REDE DE APOIO SOCIAL

	PERSOA / ENTIDADE (indicar nome da entidade ou persoa que presta apoio)	RELACIÓN	LUGAR RESID. PERSOA/ LOCALIZ. ENTIDADE	TIPO DE APOIO
P-1				
P-2				

En primeiro termo, cómpre indicar nun campo aberto o nome da persoa ou entidade que presta o apoio. No seguinte campo especificarase o tipo de relación, a través dun despregable que consta de sete categorías. Os códigos 06 e 07 sinalan “outras entidades” e “outras relacións”, respectivamente, polo que en caso de premer unha delas especificarase a entidade ou relación na seguinte casilla de campo de texto aberto.

A continuación, sinálase o lugar de residencia da persoa ou de localización da entidade, e o tipo de apoio que presta, desde a perspectiva da súa frecuencia -continuado ou puntual-, mediante asignación das categorías de resposta que se achega de cada campo no despregable correspondente

Categorías da variable "Relación":

01. Familiar con obriga legal	05. Entidade de acción voluntaria
02. Familiar sen obriga legal	06. Outras entidades. Especificar
03. Amizade	07. Outra relación. Especificar
04. Veciño/a	

Categorías da variable "Lugar de residencia da persoa/localización da entidade

01. Mesmo concello	04. Noutro país, comunitario
02. Noutro concello da Comunidade Autónoma	05. Noutro país, extracomunitario
03. Noutra comunidade Autónoma	

A continuación, e dentro desta mesma epígrafe, desprégase unha táboa na que se realizarán unha serie de valoracións relacionadas coa tenza de relacións sociais máis alá do núcleo de convivencia, o carácter destas, a súa estabilidade, a relación co grupo de iguais... Marcarase dentro do recadro que corresponda para cada unha das persoas da unidade de convivencia e segundo o nivel da escala elixido para cada variable.

- A primeira variable é a valoración xeral da rede de apoio social. A partir da información dispoñible e reflectida na táboa anterior, a/o profesional indicará en que medida a persoa conta con redes de apoio no seu medio e con vínculos afectivos, a través dunha escala de catro ítems, que vai do nivel 1 (Conta con redes de apoio no seu medio; de relacións e de fortes vínculos afectivos) ao nivel 4 (Carece de redes primarias de apoio social e de vínculos afectivos), con dous niveis intermedios para os casos de persoas que contan con algún tipo de apoio, aínda que sexa limitado, ben porque se atopan fóra do contorno no que reside a persoa (nivel 2), ou ben porque o apoio se dá de forma limitada ou só en momentos críticos (nivel 3).
- A segunda variable trata de describir o carácter das relacións sociais fóra do núcleo convivencial: se son adecuadas para o desenvolvemento persoal (nivel 1), se non o son e a mellora pasa por unha modificación na conduta dalgúns dos membros implicados na relación (nivel 2), ou se son inadecuadas e o que se precisa é a ruptura deses vínculos (nivel 3).
- A estabilidade das relacións sociais fóra do núcleo convivencial valorarase tamén nunha escala gradual, de tres niveis: o nivel 1 para sinalar que son estables e continuadas; o nivel 2 para sinalar que se manteñen vínculos máis ou menos estables, maioritariamente no seu ámbito; o nivel 3 para sinalar que as relacións son inestables ou practicamente inexistentes.
- Coa variable relacións co grupo de iguais, trátase de valorar as habilidades e capacidades da persoa na interrelación con outras que teñen o mesmo rol: veciñanza, outras nais e pais do colexio, compañeiros e compañeiras de clase.... A valoración realizarase a través dunha escala de catro ítems nas que se gradúa progresivamente a facilidade/dificultade para establecer relacións con persoas que adoptan roles similares en contextos determinados. O nivel 1 corresponde á situacións nas que estas relacións se establecen sen problemas e o nivel 4 equivale á ausencia de relacións con persoas que, en contextos determinados, adoptan o seu mesmo rol.
- Por último, indicárase a percepción que ten a propia persoa da súa situación relacional: se se sente querida, acompañada e apoiada; se sente algo de soidade e pouco apoio; ou se se sente sola, non querida e non acompañada. Esta información obterase directamente da entrevista coas persoas, con preguntas directas ou por dedución da información anterior.

	P-1	P-2	P-3	P-4	P-5	P-6	P-7	P-8
Valoración xeral da rede de apoio social								
1. Conta con redes de apoio no seu medio; de relacións e de fortes vínculos afectivos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Persoa con escasas redes de apoio, escasas relacións e vínculos afectivos ou existencia destes fóra do contorno no que reside	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. Persoa con escasas redes de apoio: apoio limitado ou intermitente ou só en momentos críticos	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
4. Carece de redes primarias de apoio social e de vínculos afectivos	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Carácter das relacións sociais fóra do núcleo convivencial								
1. As relacións fóra do núcleo convivencial son adecuadas para o seu desenvolvemento persoal	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Os vínculos persoais non son adecuados e a súa mellora pasa por unha modificación na conduta dalgún dos membros implicados nas relacións	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. As relacións son inadecuadas e a mellora pasa pola ruptura dos vínculos	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Estabilidade das relacións sociais fóra do núcleo convivencial								
1. As relacións existentes son estables e continuadas	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Mantéñense vínculos máis ou menos estables, maioritariamente no seu ámbito	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. As relacións son inestables ou practicamente inexistentes	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Relacións co grupo de iguais. Capacidade e habilidades para relacionarse de ti a ti con persoas que, nun contexto determinado, adquiren o seu mesmo rol (veciñanza, outros pais e nais do colexio, compañeiros/as de clase...)								
1. Establecemento sen problemas de relacións con persoas que, en contextos determinados, adoptan o seu mesmo rol	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Existencia de problemas puntuais para establecer relacións con persoas que, en contextos determinados, adoptan o seu mesmo rol	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. A miúdo xorden problemas para establecer relacións con persoas que, en contextos determinados, adoptan o seu mesmo rol e cando logra establecelas, acostuman a ser asimétricas.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
4. Non se establecen relacións con persoas que, en contextos determinados, adoptan o seu mesmo rol	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Percepción subxectiva da situación relacional								
1. Persoa que se sente querida, acompañada e apoiada	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Séntese algo soa, con pouco apoio	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. Séntese soa, non querida e non acompañada	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐

IX.2 ACEPTACIÓN SOCIAL E CONVIVENCIA COTIÁ COMUNITARIA

Nesta epígrafe recollerase información sobre o grao de aceptación na comunidade e convivencia cotiá nela, a través dunha táboa como a anterior na que se valora a todas as persoas da unidade de convivencia.

- A primeira variable ou dimensión da táboa, convivencia cotiá comunitaria, indicar para cada unha das persoas da unidade convivencial se hai aceptación no seu ámbito, sen problemas de rexeitamento (nivel 1), ou se ten dificultades debidas a situacións de rexeitamento (nivel 2) se ese eventual rexeitamento orixina problemas (nivel 3).
- A aceptación social e estigmatización na comunidade tamén se rexistrará a través de tres ítems: se a aceptación social é adecuada no territorio e pertence a un grupo ou colectivo non estigmatizado; se a aceptación é baixa e a persoa pertence a un colectivo estigmatizado aínda que non se lle identifique como pertencente a ela; e se a aceptación é baixa ou nula, e a persoa pertence e se lle identifica como integrante dun colectivo estigmatizado.

	P-1	P-2	P-3	P-4	P-5	P-6	P-7	P-8
Convivencia cotiá comunitaria								
1. Aceptación no seu ámbito, sen problemas de rexeitamento	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Ten dificultades ocasionadas por situacións de rexeitamento no seu ámbito	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. Ten problemas ocasionados por situacións de rexeitamento no seu ámbito	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Aceptación social e estigmatización na comunidade								
1. Adecuada aceptación social no territorio. Pertence a colectivo ou grupo non estigmatizado	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
2. Baixa aceptación social no territorio. Pertence a colectivo ou grupo estigmatizado, aínda que a persoa non se lle identifique como pertencente a este	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
3. Baixa ou nula aceptación social no territorio. Pertence a colectivo ou grupo estigmatizado. Identifícasele como pertencente a este.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐

Como información de apoio para o/a profesional á hora de cubrir esta escala de medición, a continuación sinálanse posibles situacións que poden dar lugar a rexeitamento:

- Situacións que poden provocar amplo rexeitamento no territorio.
 - Disfuncionalidade familiar.
 - Institucionalización
 - Toxicomanía.
 - Outras adiccións.
 - Prostitución.
 - Delincuencia.
 - Persoas privadas de liberdade, actualmente ou no pasado.
- Rexeitamento social á inmigración, racismo no territorio:
 - Diversidade étnica.
 - Diversidade cultural ou relixiosa.
 - Inmigración.
- Rexeitamento social: discriminación por razón de idade e xénero:
 - Discriminación por razóns de idade.
 - Discriminación por xénero.
 - Discriminación por opción ou orientación sexual: transexualidade, transxenerismo e travestismo.
- Rexeitamento social a modos de vida de convivencia, de relación, a estados de saúde:
 - Enfermidade con estigma: SIDA, enfermidade mental.
 - Discapacidade.
 - Transeúntes, mendicidade.
 - Opción ou orientación sexual.
 - Modelos de vida alternativos.

IX.3 PARTICIPACIÓN SOCIAL

O nivel de participación social da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia valorarase en función de catro variables:

- A información sobre os recursos e servizos de participación social a través dunha escala que indica se é adecuada e suficiente, inadecuada ou insuficiente, ou inexistente.
- Indicarase, nunha segunda variable, a realización de actividades vinculadas ao desenvolvemento das relacións sociais e vida social en redes formais, como as asociacións de veciñanza e outros movementos asociativos de tipo relixioso, político, sindical, deportivo,...: se as realiza de xeito habitual, esporádico, ou se, pola contra, non as realiza.
- A participación en actividades vinculadas ao desenvolvemento de relacións sociais en redes informais (como son as festas, os cultos, os costumes populares, as cuadrillas ...) valorarase segundo os tres ítems contemplados: se forma

parte de varias redes informais (nivel 1), se forma parte de poucas redes informais (nivel 2) ou se non forma parte de ningunha, de maneira que se realizan actividades en solitario, sen o contacto e a interacción con outras persoas.

- Por último, indicárase a intensidade do arraigo comunitario: se existe arraigo, a través de lazos permanentes coa comunidade, se o arraigo é débil, ou se existe desarraigo -falta de lazos permanentes coa comunidade-. A información sobre o arraigo na comunidade é moi importante para todas as persoas da unidade de convivencia en termos de valoración do nivel de inclusión/exclusión, e é de especial importancia no caso de persoas estranxeiras. Para estas, o concepto de arraigo implica o establecemento e a vinculación a unha nova sociedade; polo tanto, unha persoa arraigada será aquela que se sente “insertada” social e culturalmente, que entende e comparte a súa nova sociedade/comunidade, que desenvolveu as destrezas necesarias para vivir nesa nova estrutura social e cultural, que se sente unida ao seu contorno, tanto en termos de relacións (amizades, veciñanza, compañeiros/as de traballo...), como en termos ambientais (o fogar, o lugar/barrio).

Idoneidade e procedencia da concesión da axuda de inclusión social de Galicia			☐ SI ☐ NON
TIPOLOXÍA AXUDA SOLICITADA	ESPECIFICAR MOTIVO CONCRETO	IMPORTE SOLICITADO (€)	IMPORTE MÁXIMO A CONCEDER (€)
Vinculada ao uso da vivenda (pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada.			
Vinculada á mellora da habitabilidade da vivenda habitual.			
Destinada ao equipamento mobiliario básico da vivenda.			
Destinada á atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.			
Destinadas á atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais.			
Destinadas a gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación.			
Destinadas a gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia.			

IX.4 OCIO E TEMPO LIBRE

Neste último apartado da área social e relacional indáganse aspectos vinculados ao tempo de lecer. En primeiro lugar, a dispoñibilidade e aproveitamento do tempo libre -se o ten e o aproveita- e, en segundo lugar, a conveniencia e adecuación ás actividades propias do grupo de iguais, a través de catro ítems de resposta, destinados a valorar a realización de actividades que poidan entrañar condutas de risco para o desenvolvemento persoal e social.

Como peche desta área, inclúese un campo aberto para efectuar as “observacións” que se consideren oportunas na perspectiva de ampliar información non recollida ou realizar unha valoración profesional. A modo de exemplo, e pensando nos perfís mencionados de persoas estranxeiras ou pertencentes a unha minoría étnica, comentar se existen relacións multiculturais ou se, pola contra, se circunscriben ao colectivo de pertenza; destacar aspectos que caractericen globalmente á unidade de convivencia nas súas relacións sociais e participación na comunidade etc.

X. VALORACIÓN

Este último capítulo confórmano cinco epígrafes destinadas a efectuar as distintas valoracións por parte das traballadoras e traballadores sociais, unha vez completado o ISI. A epígrafe X.1. e X.3 cubrirase en todos os casos; mentres que o X.2 e X.4 só se cubrirá nos informes para solicitudes da prestación da renda de inclusión social e o X.5 con motivo de solicitudes de axudas de inclusión social (AIS).

Esta área baséase na información recompilada respecto da persoa solicitante da prestación ou recurso.

X.1 VALORACIÓN TÉCNICA DA SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Artigo 3 da Lei 10/2013)

Nesta primeira epígrafe, e para emitir unha valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, indicárase que factores de exclusión se dan e cales non, na situación actual da persoa solicitante. Os ditos factores son os recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social. Na súa literalidade, no punto 1 deste precepto indícase que:

Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral** :*

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.*
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.*
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.*
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.*
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.*
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.*
- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.*
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.*
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.*
- j) Pertencer a unha minoría étnica.*
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.*

l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

*(aparecen na táboa do ISI, como “situacións de obrigado cumprimento”)

** (aparecen na táboa do ISI, como “Concurrencia doutros factores de exclusión”)

Situacións de obrigado cumprimento	
Ausencia ou déficit grave de recursos económicos.	☐ SI ☐ NON
Situación de desemprego.	☐ SI ☐ NON
Concurrencia doutros factores de exclusión	
Está nunha situación de cargas familiares non compartidas.	☐ SI ☐ NON
Está en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.	☐ SI ☐ NON
Ten a condición de muller vítima de violencia de xénero.	☐ SI ☐ NON
É unha persoa vítima de violencia doméstica	☐ SI ☐ NON
Ten unha discapacidade valorada superior ao 33 %.	☐ SI ☐ NON
É inmigrante ou emigrante retornado.	☐ SI ☐ NON
Procede dunha institución de protección ou reeducación de menores.	☐ SI ☐ NON
Procede de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.	☐ SI ☐ NON
É unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.	☐ SI ☐ NON
Pertence a unha minoría étnica.	☐ SI ☐ NON
Esta en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou é vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.	☐ SI ☐ NON
Ten a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.	☐ SI ☐ NON
Outro que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Especificar (ver manual):	☐ SI ☐ NON

Consignarase para cada condición a casilla “si” ou “non”. No caso de concorrer “outro/s factor/es” o/a profesional especificará, no campo de texto aberto que aparece ao final desta táboa, ese/s outro/s factor/es que contribúe/n a que a persoa se atope nunha situación de risco de exclusión. Argumentarase debidamente de que forma ese/s factor/es afecta/n negativamente á situación global da persoa/unidade de convivencia.

Ademais, o punto 3 do mesmo artigo indica que “sen prexuízo das incompatibilidades e dos criterios de acceso por razón de ingresos ás prestacións económicas reguladas nesta lei, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión, e, en consecuencia, incorporarse ao resto de medidas positivas de apoio, aquelas persoas en que concorran factores de exclusión social sinalados no punto primeiro deste artigo aínda que realicen actividades laborais de baixa remuneración que pola súa natureza discontinua ou parcial non garantan unha inserción social e laboral. Polo tanto, é moi importante destacar esta situación no apartado de “outros” en caso de que non se marque a casilla correspondente a “situación de desemprego”, co obxecto de valorar a incorporación da persoa solicitante/unidade de convivencia noutras medidas positivas de apoio (non á prestación económica como tal; por exemplo RISGA).

X.2. DIAGNÓSTICO DE EMPREGABILIDADE (Artigo 25 da Lei 10/2013)

Nesta epígrafe preténdese dar resposta a outra das novidades da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, segundo a cal, para poder acceder ao tramo de inserción deberanse reunir os requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social, así como as condicións para incorporarse a un itinerario de formación-emprego segundo o informe dos servizos sociais e o diagnóstico de empregabilidade. No artigo 25, a dita lei fala do dito diagnóstico de empregabilidade:

Estableceranse regulamentariamente o formato e o contido do diagnóstico de empregabilidade, que, como mínimo, deberán incluír información relativa aos seguintes aspectos:

- a) Estado de saúde compatible coa actividade laboral.
- b) Nivel de alfabetización básica.
- c) Especialización ou destrezas adquiridas por experiencia previa.
- d) Capacidades, dispoñibilidade e actitude positiva para a adquisición das habilidades precisas para a participación nas actividades de tipo prelaboral e laboral que se establezan no convenio de inclusión adaptado ao seu caso.
- e) No caso de persoas con residencia cualificada de tipo chabolista, a participación efectiva nun proceso de realoxamento, nos casos en que proceda.

Trátase de resumir nesta epígrafe o dito diagnóstico e sinalar se a persoa está ou non en condicións de empregabilidade e marcar no recadro correspondente en función de si se compren ou non os requisitos sinalados.



A información precisa para concluír se a persoa é susceptible de “ser empregada” debe centrarse nos seguintes ítems, cuxos datos se atopan en diferentes áreas/epígrafes do informe:

- Estado de saúde compatible coa actividade laboral. Extráese da epígrafe VIII.2. SITUACIÓN DA SAÚDE, concretamente a partir da variable denominada: O estado de saúde dificulta a súa actividade laboral.
- Nivel de alfabetización básica. Extráese da epígrafe VII.1.1.a., que se cubre só para persoas que non saben ou están aprendendo a ler e escribir, ou que saben pero non teñen estudos. Tamén da epígrafe VII.1.1., sobre o nivel de estudos.
- Especialización ou destrezas adquiridas por experiencia previa. Extráese da epígrafe VII.2. LABORAL-RECURSOS PERSOAIS PARA O EMPREGO; concretamente da variable: Experiencia laboral-profesional).
- Capacidades, dispoñibilidade e actitude positiva para a adquisición das habilidades precisas para a participación nas actividades de tipo prelaboral e laboral que se establezan no convenio de inclusión adaptado ao seu caso. Extráese das epígrafes: VII.1 .1. NIVEL DE ESTUDOS, VII.1 .2. OUTRA FORMACIÓN, VII.1.3. ACCESO, COÑECEMENTO E USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS; VII.1.4. COÑECEMENTO DE IDIOMAS; VII.2.b. (con tres variables dirixidas a persoas en situación de desemprego), de toda a área persoal, e da epígrafe IX.3 PARTICIPACIÓN SOCIAL.

X.3 PROPOSTA DE ADECUACIÓN DA APLICACIÓN DO RECURSO/PRESTACIÓN: VALORACIÓN PROFESIONAL

Nesta sección, que se debe cubrir en todos os casos (polo tanto, tamén nos casos de RISGA e AIS), a traballadora ou traballador social realizará unha proposta de adecuación da aplicación do recurso ou prestación a partir da valoración profesional. Debe, polo tanto, realizarse un esforzo de síntese para recoller a información máis relevante sobre a situación da persoa solicitante e da unidade convivencial, en orde a elaborar os seguintes apartados:

1. Diagnóstico social. Coa información recadada e plasmada nos distintos apartados do informe, a traballadora ou traballador social realizará unha valoración profesional da situación de necesidade a partir da síntese da información máis significativa sobre a situación da persoa solicitante e/ou dos membros da unidade de convivencia (incluíndo antecedentes, análise dinámica, circunstancias sobrevidas que dan lugar á intervención social...). O/a profesional recollerá a interrelación de todas as dimensións sometidas a estudo e tratará de ser concluínte a partir dos datos obxectivables, evitando as valoracións sobre aspectos non recollidos no informe, que poidan derivar en posicións ambiguas e/ou subxectivas de cara á resolución administrativa.
2. A partir deste diagnóstico o/a profesional realizará un prognóstico, isto é, valorar e resumir as posibles consecuencias dunha non intervención sobre a situación persoal e/ou familiar. Isto implica explicar que pasaría se a persoa non accede á prestación/recurso/proposta de intervención.
3. Por último, o/a traballador social describirá unha proposta de intervención, e indicará, en primeiro termo, se a intervención máis idónea é mediante o acceso a servizos ou prestacións ou mediante a articulación de apoios institucionais e sociais. Argumentaranse as solucións que se consideren máis adecuadas para dar resposta ás necesidades presentadas.

3. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

☐ Acceso a servizos/prestacións

☐ Articulación de apoios institucionais e sociais

X.4 PARA A RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA- RISGA

Esta epígrafe cubrirase única e exclusivamente nos informes para a solicitude da renda de inclusión social de Galicia.

O/a traballador/a social realizará unha valoración da situación segundo a información recadada, na perspectiva de indicar a idoneidade e procedencia da concesión da Renda de inclusión social de Galicia, regulada no Título I da Lei 10/2013, e, no seu caso, a procedencia do pagamento do complemento de aluguer. Así mesmo, indicárase se existe proposta de proxecto de integración social e o acordo para a integración socioeducativa dos e das menores, e por último, se a persoa solicitante é susceptible de participar no tramo de inserción da Risga. En caso de resposta afirmativa a este último ítem, cubrirase un campo de texto aberto, no que se describirán as posibilidades de inserción laboral, así como os recursos adecuados para tal fin no seu contorno (artigo 36.5 da Lei 10/2013¹⁷).

¹⁷ 5. Se da valoración realizada polos servizos sociais comunitarios se desprende que a persoa solicitante da renda, polas súas características, é susceptible de participar no tramo de inserción, deberase expresar esta circunstancia no informe social e/ou socioeducativo, fundamentando a conveniencia e oportunidade da súa incorporación ao dito tramo e indicando as posibilidades de inserción laboral da persoa solicitante, así como os recursos adecuados que existen para tal fin no seu contorno.

Idoneidade e procedencia da concesión da renda de inclusión social de Galicia para o logro da autonomía e integración da persoa	☐ SI ☐ NON
Considérase procedente o pagamento do complemento de aluguer, dado que o mantemento do contrato de arrendamento da vivenda é necesario para acadar os obxectivos establecidos no proxecto de integración social	☐ SI ☐ NON
Proposta de proxecto de integración social.	☐ SI ☐ NON
Acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores	☐ SI ☐ NON
Considérase susceptible de participar no tramo de inserción. En caso afirmativo: indicar as posibilidades de inserción laboral da persoa solicitante, así como os recursos adecuados que existen para tal fin no seu contorno:	☐ SI ☐ NON

X.5 PARA AXUDA DE INCLUSIÓN SOCIAL- AIS.

Esta epígrafe cubrirase única e exclusivamente nos informes para a solicitude de axudas de inclusión social.

Idoneidade e procedencia da concesión da axuda de inclusión social de Galicia			☐ SI ☐ NON
TIPOLOXÍA AXUDA SOLICITADA	ESPECIFICAR MOTIVO CONCRETO	IMPORTE SOLICITADO (€)	IMPORTE MÁXIMO A CONCEDER (€)
Vinculada ao uso da vivenda (pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada.			
Vinculada á mellora da habitabilidade da vivenda habitual.			
Destinada ao equipamento mobiliario básico da vivenda.			
Destinada á atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.			
Destinadas á atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais.			
Destinadas a gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación.			
Destinadas a gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia.			

A valoración neste apartado ten por obxecto indicar a idoneidade e procedencia da concesión da axuda de inclusión social de Galicia, reguladas no Título II da Lei 10/2013 (artigo 47 e seguintes). A partir de aquí, e unha vez analizada a información sobre a situación da persoa solicitante, nomeadamente nas dimensións relacionadas coa vivenda e a atención sociosanitaria, cubriranse os campos da táboa segundo o tipo de axuda que se solicite. Incorporáanse tres campos abertos nos que detallar, para cada tipo de axuda solicitada: o motivo concreto desa solicitude, o importe solicitado e o importe máximo que se concede.

Fontes de información e metodoloxía utilizada para a elaboración deste informe

Indicaranse na táboa que se presenta ao final do ISI as fontes de información utilizadas para a elaboración do informe, así como a metodoloxía. Preséntase na mesma táboa unha columna de observacións para referir calquera aspecto que se considere pertinente en termos de aclaración das fontes e/ou da metodoloxía.

Para rematar, o traballador ou traballadora social asinará o informe, e engadirase data e selo da administración. A data tamén se pon na cabeceira do ISI, de forma intencionada, para visualizala tanto ao principio como ao final por parte de quen teña que interpretar/valorar o informe.

ANEXO I: SITUACIÓN RESIDENCIAL DE PERSOAS ESTRANXEIRAS EN ESPAÑA

(Relacionado coa epígrafe II.2. do ISI)

Código	Definición
01	Estadía (máximo de tres meses nun período de seis: (artigo 28 e seguintes) Atópase en situación de estadía de curta duración a persoa estranxeira que non sexa titular dunha autorización de residencia e estea autorizada para permanecer en España por un período ininterrompido ou suma de períodos sucesivos cuxa duración total non exceda os noventa días por semestre a partir da data da primeira entrada, sen prexuízo do disposto no capítulo II deste título para a admisión para efectos de estudos, mobilidade de alumnos/as, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado. Se se trata dunha estadía con fins de tránsito, a duración da estadía autorizada corresponderá ao tempo necesario para efectuar o tránsito.
02	Residencia temporal non lucrativa: residencia por un tempo determinado sen realizar actividade laboral ou profesional, debendo acreditar medios económicos suficientes para o período de residencia que solicitan. (Artigo 46 e seguintes)
03	Residencia temporal por reagrupamento familiar: (artigo 52 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal por razón de reagrupamento familiar a persoa estranxeira que fose autorizada a permanecer en España en virtude do dereito ao reagrupamento familiar exercido por unha persoa estranxeira residente. "
04	Residencia temporal e traballo por conta allea: (artigo 62 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta allea a persoa estranxeira maior de 16 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, e a exercer unha actividade laboral por conta allea.
05	Residencia temporal e traballo por conta propia: (artigo 103 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta propia a persoa estranxeira maior de 18 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, e a exercer unha actividade lucrativa por conta propia.
06	Residencia temporal e traballo para a investigación: (artigo 73 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal e traballo para investigación o/a investigador/a estranxeiro/a cuxa permanencia en España ten como fin único ou principal realizar proxectos de investigación, no marco dun convenio de acollida asinado cun organismo de investigación.
07	Residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE: (artigo 85 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados aquela persoa traballadora estranxeira autorizada a desempeñar unha actividade laboral para a cal se requira contar con cualificación de ensino superior ou, excepcionalmente, acredite un mínimo de cinco anos de experiencia profesional que poida considerarse equiparable á dita cualificación, relacionada coa actividade para cuxo desempeño se conceda a autorización.
08	Residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada: (artigo 97 e seguintes) Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada a persoa traballadora estranxeira maior de 16 anos autorizada a permanecer en España e a exercer actividades laborais por conta allea en actividades de campaña ou temporada, obras ou servizos, ou formación e prácticas profesionais.
09	Residencia temporal e traballo no marco das prestacións transnacionais de servizos: Atópase en situación de residencia temporal e traballo no marco dunha prestación transnacional de servizos a persoa traballadora estranxeira que se desprace a un centro de traballo en España e dependa, mediante expresa relación laboral, dunha empresa establecida nun Estado non pertencente á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo, nunha serie de supostos detallados no artigo 110 do Regulamento.
10	Residencia temporal con excepción da autorización de traballo: Regulada no artigo 117, están exceptuados da obriga de obteren autorización de traballo para o exercicio dunha actividade lucrativa, laboral ou profesional as persoas estranxeiras que estean incluídas no artigo 41 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, entre outros, técnicos, investigadores e científicos invitados ou contratados pola Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as universidades, os entes locais ou os organismos que teñan por obxecto a promoción e o desenvolvemento da investigación promovidos ou participados maioritariamente polas anteriores; profesores/as, técnicos/as, investigadores/as e científicos/as invitados/as ou contratados/as por unha universidade española; os/as funcionarios/as civís ou militares das administracións estatais estranxeiras que veñan a España para desenvolver actividades en virtude de acordos de cooperación cunha Administración española; correspondentes de medios de comunicación estranxeiros, artistas, ...

11	Residencia temporal por circunstancias excepcionais de arraigo, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades, seguridade nacional ou interese público. (Ver artigos 123 a 130 do Regulamento)
12	Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero: (artigo 131 e seguintes) Se ao denunciarse unha situación de violencia de xénero contra unha muller estranxeira se puxer de manifesto a súa situación irregular, o expediente administrativo sancionador incoado por infracción do artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, será inmediatamente suspendido polo instrutor ata a finalización do proceso penal. No caso de que o expediente sancionador non estiver iniciado no momento de presentación da denuncia, a decisión sobre a súa incoación será posposta ata a finalización do proceso penal.
13	Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais por colaboración contra redes organizadas: (artigo 135 e seguintes) De conformidade co artigo 59 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, a autoridade coa cal estea colaborando unha persoa estranxeira que se atope irregularmente en España e sexa vítima, prexudicada ou testemuña dun acto de tráfico ilícito de seres humanos, inmigración ilegal, explotación laboral ou de tráfico ilícito de man de obra ou de explotación na prostitución abusando da súa situación de necesidade, remitiralle informe sobre a dita colaboración ao órgano administrativo competente para a instrución do expediente sancionador, para os efectos de que lle poida propor ao delegado ou subdelegado competente a exención de responsabilidade deste en relación coa infracción do artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.
14	Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de persoas estranxeiras vítimas de trata de seres humanos: (artigo 144) Determinada, de ser o caso, a exención de responsabilidade (ver artigo 143), o órgano que ditase a resolución en tal sentido informará á persoa estranxeira da posibilidade que a asiste de presentar unha solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, dirixida ao/á titular da Secretaría de Estado de Seguridade ou da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, en función de que a motivación resida, respectivamente, na colaboración da vítima na investigación do delito ou na súa situación persoal.
15	Residencia de longa duración: (artigo 147 e seguintes) Atópase en situación de residencia de longa duración o/a estranxeiro/a que fose autorizado/a a residir e traballar en España indefinidamente nas mesmas condicións que os/as españois.

Fonte: Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.

ANEXO II: ACREDITACION DE PERSOAS ESTRANXEIRAS EN ESPAÑA

(Relacionado coa epígrafe II.2. do ISI)

Tipoloxía e definición: acreditación de persoa estranxeira en España

RÉXIME COMUNITARIO

Rexistro Central de persoas estranxeiras

Segundo o artigo 213 (Rexistro Central de Estranxeiros) do Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009, existirá, na Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, un Rexistro Central de Estranxeiros/as.

Os e as cidadás dun estado membro da Unión Europea, doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou Suíza que vaian a residir no territorio do Estado Español por un período superior a tres meses están obrigados a solicitar a súa inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, obtendo deste xeito o certificado de rexistro de cidadán/á da UE.

Certificado de residencia permanente cidadán/á da UE

Os e as cidadás dun estado membro da Unión Europea, doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou Suíza que residan en España poderán obter o certificado de residencia permanente de cidadán/á da Unión.

<http://extranjeros.empleo.gob.es/es/informacioninteres/informacionProcedimientos/CiudadanosComunitarios/hoja104/index.html>

Tarxeta de familiar de cidadán/á da UE

Os e as familiares de cidadán/á español/a ou doutro Estado membro da Unión Europea, ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou Suíza, que non ostenten a nacionalidade dun de ditos Estados, cando se reúnan con el ou lle acompañen, e vaian a residir en España por un período superior a tres meses, deberán solicitar e obter unha tarxeta de familiar de cidadán/á da Unión.

<http://extranjeros.empleo.gob.es/es/InformacionInteres/InformacionProcedimientos/CiudadanosComunitarios/hoja103/>

Tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán/á da UE

Os e as familiares de cidadán/á español/a ou doutro Estado membro da Unión Europea, ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou Suíza, que non ostenten a nacionalidade dun de ditos Estados, residentes en España poderán obter unha tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán/á da Unión.

<http://extranjeros.empleo.gob.es/es/InformacionInteres/InformacionProcedimientos/CiudadanosComunitarios/hoja105/>

RÉXIME XERAL

Tarxeta de identificación de persoa estranxeira (TIE)

É o documento destinado a acreditar a situación legal da persoa estranxeira en España

REQUISITOS

Poderase solicitar a TIE:

- Se se expediu un visado ou unha autorización para permanecer en España por un período superior a seis meses.
- Se se modificou ou alterou a situación legal do/a titular da tarxeta de identidade, o a súa situación laboral incluíndo a renovación da autorización.
- A tarxeta de identidade da que dispoñían foi roubada, extraviada, destruída ou inutilizada.

ANEXO III: MEDIDAS DE PROTECCIÓN DE MENORES

(Relacionado coa epígrafe III.4. do ISI)

MEDIDAS DE APOIO TÉCNICO

Gabinete de orientación familiar (GOF)

Os gabinetes de orientación familiar son equipos técnicos de carácter multidisciplinar, compostos por profesionais do ámbito da psicoloxía, do traballo social e do dereito. Atenden problemas relacionados con procesos de conflictividade familiar, dificultades de relación entre os membros da familia e situacións que impliquen un risco de ruptura con consecuencias desfavorables para os seus integrantes, tales como conflitos conxugais, crises paterno-filiais ou conflitos con outros membros da familia que interfiriren na funcionalidade do núcleo familiar.

Ofrecen información sobre os recursos dispoñibles, formación (proporcionándolles ás familias as habilidades necesarias para que a dinámica familiar se vexa fortalecida), axuda persoal e emocional, orientación e asesoramento na toma de decisións, así como terapia e tratamento.

Mediación familiar

A través da mediación familiar, unha persoa allea que actúa de forma neutral, imparcial e confidencial (o mediador) facilita a comunicación entre os membros da familia, co fin de que xestionen por si mesmos unha solución aos conflitos que os afecten. Con este procedemento fómase a procura común de solucións satisfactorias para as partes e duradeiras no tempo, minimízase o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia e evítase a instrumentalización dos demais membros da familia, e, en especial, das e dos menores.

Puntos de encontro familiar

Os puntos de encontro familiar son un servizo que facilita o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas resulta difícil ou conflictivo. A intervención profesional no punto de encontro pódese limitar á supervisión da entrega e recollida da ou do menor, cando o réxime de visitas non se vai executar no propio centro; a poñer a disposición das familias un lugar neutral e cómodo para realizar as visitas, especialmente cando o proxenitor non dispón de vivenda na localidade onde poidan realizarse; ou ben en controlar e supervisar os contactos entre o neno ou nena e a persoa visitante.

Támén desenvolven programas psicosocioeducativos individualizados de intervención coas familias e as/os menores, co obxecto de acadar a normalización das relacións familiares, e ofrecen orientación e asesoramento para favorecer a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

Programa de integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de menores separados das súas familias, especialmente os institucionalizados nun centro (reunificación familiar).
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento das nenas e nenos (preservación familiar).

Leva a cabo unha intervención integral que abrangue as áreas de intervención psico-social (transmitindo estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social), de atención infantil (para garantir unha convivencia en condicións de seguridade e afecto para os nenos e nenas), de educación familiar (para a adquisición de habilidades e hábitos de cara a cubrir as necesidades dos/as menores), de terapia familiar (para resolver problemas psicolóxicos, de relación e de conduta), de inserción laboral (para facilitar a incorporación no mercado laboral dos pais das e dos menores que permita a estabilidade económica e social do núcleo familiar), de reforzo escolar, respiro familiar etc.

Atención de día

Mediante o Programa de atención de día préstalles aos e ás menores en situación de risco ou desamparo a cobertura das súas necesidades básicas en materia de alimentación, hixiene e vestido, apoio escolar, educación nas habilidades básicas, animación planificada do tempo libre e orientación psicoeducativa. Ademais lévese a cabo unha intervención socioeducativa coa familia de xeito que se favoreza o seu proceso de normalización.

Programa de avaliación e tratamento terapéutico

Trátase dun programa de tratamento terapéutico destinado a menores que presentan desaxustes emocionais e de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa separación da súa familia orixinada pola situación de desamparo, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia, tamén relacionadas coa situación de desprotección que sufriron.

Programa de intervención ambulatoria con adolescentes

Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducativo dos/as menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a cuadrillas disociais, trastornos psicopatolóxicos etc.

Programa de inserción sociolaboral MENTOR

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21 (ampliable ata os 25 en casos excepcionais), que estean ou estivesen tutelados/as ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes mozos por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadaren a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos. Os traballos de asesoramento e acompañamento á formación, busca de emprego e inserción laboral complementanse con vivendas tuteladas, asistidas por persoal educativo, nas que os/as mozos participantes no programa se preparan para a vida independente.

Programas de apoio socioeducativos e de tempo libre

Dirixidos a menores en situación de risco social ou desprotección, especialmente adolescentes, teñen por obxecto favorecer procesos de inserción social das e dos menores e as súas familias a través dunha intervención socioeducativa e preventiva en diversos ámbitos: apoio e reforzo escolar, actividades de lecer, formación prelaboral, mediación escolar, mediación familiar e intervención comunitaria.

Servizo de educación e apoio familiar dos servizos sociais comunitarios básicos

Este servizo integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

SAF

O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar definido no punto anterior, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

Fontes:

- Para todas as medidas e programas, excepto Servizo de educación e apoio familiar dos servizos sociais comunitarios básicos e SAF: Guía de recursos do sistema de protección de menores, editada pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, Consellería de Traballo e Benestar, 2013.
- Servizo de educación e apoio familiar dos servizos sociais comunitarios básicos e SAF: DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ANEXO IV: DEFINICIÓNS PARA “OUTROS TIPOS DE VIOLENCIA”

(Relacionado coa epígrafe III.5.3. do ISI)

ACOSO ESCOLAR

acoso escolar -tamén coñecido como fustigamento escolar, matonaxe escolar, matoneo escolar ou polo seu termo en inglés bullying- é calquera forma de maltrato psicolóxico, verbal ou físico producido entre escolares de forma reiterada ao longo dun tempo determinado. Estatisticamente, o tipo de violencia dominante é o emocional e dáse maioritariamente na aula e patio dos centros escolares. Os/as protagonistas dos casos de acoso escolar adoitan ser nenos e nenas en proceso de entrada na adolescencia, sendo lixeiramente maior a porcentaxe de nenas no perfil de vítimas. O acoso escolar é unha forma característica e extrema de violencia escolar. O acoso escolar é unha especie de tortura, metódica e sistemática, na que a persoa agresora somete á vítima, a miúdo co silencio, á indiferenza ou á complicidade doutros/as compañeiros/as.

Este tipo de violencia escolar caracterízase, polo tanto, por unha reiteración encamiñada a conseguir a intimidación da vítima, implicando un abuso de poder en tanto que é exercida por unha persoa agresora máis forte (xa sexa esta fortaleza real ou percibida subxectivamente) que aquela. A persoa maltratada queda, así, exposta física e emocionalmente ante a persoa maltratadora, xerándose como consecuencia unha serie de secuelas psicolóxicas (aínda que estas non formen parte do diagnóstico); é común que a persoa acosada viva aterrorizada coa idea de asistir á escola e que se mostre moi nerviosa, triste e solitaria na súa vida cotiá. Nalgúns casos, a dureza da situación pode carrexar pensamentos sobre o suicidio e mesmo a súa materialización, consecuencias propias do fustigamento cara ás persoas sen limitación de idade.

ACOSO LABORAL

O mobbing, acoso laboral ou acoso moral, é a acción dunha ou varias persoas acosadoras sobre unha vítima, co fin de producirlle medo cara ao seu lugar de traballo. As vítimas reciben unha violencia inxustificada de tipo psicolóxico, manifestada a través de actos hostís (insultos, rumores, ignorar...). Estas accións poden prolongarse durante meses ou mesmo anos e, nos casos máis graves, pódese chegar á violencia física ou sexual. Pódese dicir que o acoso laboral é toda conduta abusiva realizada de forma consciente, repetitiva e premeditada e que atenta contra a dignidade e a integridade física ou psicolóxica da persoa afectada, co obxecto de conseguir que abandone o posto de traballo ou de empeorar o seu clima laboral.

O obxectivo final do mobbing adoita ser conseguir o abandono do posto de traballo por parte da vítima, xa que a consideran unha ameaza para os seus intereses persoais. Este acoso pode chegar tanto dos/as superiores/as (para conseguir eliminala da empresa sen custo económico) coma dos/as propios/as compañeiros/as de traballo (pola necesidade de control e destrución dun individuo con tendencias psicopáticas).

TRATA DE PERSOAS

De acordo co “Protocolo das Nacións Unidas para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente de mulleres e nenos/as”, a trata de persoas pode definirse como a acción de captar, transportar, trasladar, acoller ou recibir persoas recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación.

As formas de explotación inclúen, pero non se limitan, á explotación da prostitución, da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.

CIBERACOSO

O cyberstalking é, basicamente, acoso online. Definiuse como o uso de tecnoloxía, en particular Internet, para acosar a unha persoa. Algunhas das características comúns son: acusacións falsas, seguimento, ameazas, roubo de identidade e destrución ou manipulación de datos. O ciberacoso tamén inclúe a explotación de menores, xa sexa sexual ou doutro tipo.

O acoso pode adoptar moitas formas, pero o denominador común é que non é desexado, é a miúdo obsesivo e, polo xeral, ilegal. Os/as acosadores/as cibernéticos/as utilizan o correo electrónico, as mensaxes instantáneas, as chamadas telefónicas e outro tipo de dispositivos de comunicación para cometer acoso, o cal pode manifestarse como acoso sexual, contacto inadecuado ou, simplemente, unha forma de molesta atención á súa vida e as actividades da súa familia.

CIBERACOSO ESCOLAR

O ciberacoso escolar ou cyberbullying é o uso dos medios telemáticos (Internet, telefonía móbil e videoxogos online principalmente) para exercer o acoso psicolóxico entre iguais. Non se trata aquí o acoso ou abuso de índole estritamente sexual nin os casos nos que persoas adultas interveñen. Polo tanto, ten que haber menores en ambos os dous extremos do ataque para que se considere cyberbullying: se hai algún adulto, entón estamos ante algún outro tipo de ciberacoso. Estase ante un caso de cyberbullying cando un ou unha menor atormenta, ameaza, fustriga, humilla ou molesta a outro/a mediante Internet, teléfonos móbiles, consolas de xogos ou outras tecnoloxías telemáticas.

